



Ref/Juan M Salguero del Valle/Asesoría Xurídica-Secretaría Xeral do Pleno

ACTA NÚM. 15 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE 2014.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas** do día **trinta e un de outubro de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTE N:

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente**.

CONCELLEIROS/AS:

Grupo Municipal PP:

Don Ángel Benito Currás Fernández.
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Don Luís Mejide Rodríguez, incorpórarse no punto nº 3.
Don José María Rosende Rico.
Dona Marta González Vázquez.
Don Ramón Quiroga Limia.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona María José Corral López.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

Grupo Municipal PSdeG-PSOE:

Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Alvárez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.

Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.

Grupo Municipal BNG:

Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

Don Vicente Calvo del Castillo, **Interventor do Concello.**

Juan Manuel Salguero del Valle, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

O R D E D O D Í A:

1.-Aprobación acta Sesión Ordinaria do día 25 de Setembro de 2014

Aberto o acto, o **Sr. alcalde-presidente**, en cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e o artigo 63 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela, pregunta aos/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente a **sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2014**.

Polo **Sr. Sánchez-Brunte Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP**, faise constar que [na páxina nº 137](#) (moción do BNG sobre o canon bibliotecario).

Onde dí "**Sra. Corral López concelleira do grupo municipal do PP e Delegada de Área de Servizos Sociais**, solicita o turno de explicación do voto do grupo popular, ó abeiro do artigo 79 do Regulamento Orgánico do Pleno".

Debe dicir: "**A Sra. González Vázquez, concelleira do grupo municipal do PP, solicita o turno de explicación do voto do grupo popular, ao abeiro do artigo 79 do Regulamento Orgánico do Pleno**"

Non presentándose ningunha observación máis, é sometido o punto da orde do día a votación ordinaria o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros presentes aprobar a acta núm. 13/14, correspondente á **sesión ordinaria do 25 de setembro de 2014**.

2.-Aprobación acta Sesión Extraordinaria do día 21 de Outubro de 2014

O **Sr. alcalde-presidente** pregunta aos/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente a **sesión extraordinaria do día 21 de outubro de 2014**.

Non presentándose ningunha observación, é sometido o punto da orde do día a votación ordinaria o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros presentes aprobar a acta núm. 14/14, correspondente á **sesión extraordinaria do 21 de outubro de 2014**.

3.-Aprobación provisional do documento reformado da modificación puntual do PXOM. Situacións fora de ordenación. Modificación dos artigos 109 a 124 e o Capítulo IX o PXOM

Ao abeiro do disposto no artigo 73 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela dáse conta e lectura ao Pleno da Corporación do informe que emitiu a xefa de sección de xestión urbanística, que xunta a proposta da concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostenible, en relación con este asunto, e que ten o seguinte contido:

“O Pleno municipal, mediante acordo adoptado o 23 de decembro de 2013, aprobou provisionalmente a Modificación puntual de referencia, e elevou o expediente completo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para a súa aprobación definitiva.

A Consellería, mediante Orde do 6 de xuño de 2014, resolveu non outorgar a aprobación definitiva ao expediente remitido polo Concello, e instar a introdución das correccións sinaladas no epígrafe III da mesma Orde.

No mesmo mes de xuño tivo lugar unha reunión entre os técnicos municipais e os da Consellería, na que logo de analizar as correccións propostas e clarificar o seu verdadeiro significado e alcance, acadáronse as conclusións que deseguido se indican:

1. Deberanse eliminar as excepcións ao réxime de aplicación do réxime de fóra de ordenación contempladas no artigo 218.2 da normativa proposta, por non estar recollidas nos supostos da LOUG.

O verdadeiro alcance deste apartado 2 do artigo 218 é acotar o ámbito de aplicación do novo capítulo IX do PXOM, exceptuando aqueles supostos que xa disponen dunha regulación específica en canto ás actuacións permitidas, ben na súa particular normativa de protección -como ocorre cos edificios catalogados ou protexidos- ben na mesma LOUG, como é o caso das edificacións construídas en solo rústico ao abeiro de licenza urbanística ou de autorización autonómica, que se rexen polo sinalado na disposición transitoria cuarta da LOUG.

Porén, para evitar confusións, proponse suprimir o antedito apartado, e incluír a regulación dos anteditos supostos na situación de incompatibilidade parcial, se ben remitindo a concreción das actuacións permitidas ao que se estableza nas respectivas disposicións reguladoras.

2. Enténdese que o definido como fóra de ordenación integral ou estrita axustase ao definido na LOUG como “situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do planeamento”, e que o definido como edificación desconforme se asimila ao definido pola LOUG como “construcións só parcialmente incompatibles co novo planeamento”. Porén, non se considera xustificada a previsión dunha situación fóra de ordenación transitoria ou diferida, que non atopa abeiro no articulado da LOUG.

Á vista da do indicado, proponse configurar a regulación deste suposto particular (fóra de ordenación transitoria ou diferida) como un subtipo da situación de incompatibilidade parcial, xa que o artigo 103.3 da LOUG habilita expresamente ao planeamento para definir os distintos supostos de incompatibilidade e, en consecuencia, regular de forma diferenciada as actuacións autorizables en cada un dos supostos tipificados.

A situación das edificacións existentes en ámbitos que non teñen aprobada a súa ordenación detallada non é de incompatibilidade total, xa que corresponde ao futuro plan de desenvolvemento –plan parcial ou plan especial- establecer o seu réxime urbanístico. Polo tanto, e con carácter estritamente transitorio, ata tanto non se aproba a súa ordenación pormenorizada, as edificacións existentes nestes ámbitos considéranse incursas nunha situación de incompatibilidade parcial, de xeito que o planeamento pode permitir obras parciais e circunstanciais de consolidación, reforma e mesmo ampliación (artigo 103.3 da LOUG).

A Modificación proposta opta por permitir este tipo de actuacións nos edificios existentes, sempre que se acredite a renuncia do interesado a percibir calquera indemnización polo maior valor que puidera resultar, no futuro proceso de execución do plan, das obras que excedan da mera conservación.

3. (...) deberá corrixirse o establecido para as obras permitidas na situación de fóra de ordenación integral, onde, segundo a LOUG só se permiten obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, mentres que na proposta desta modificación puntual se engaden as de rehabilitación e consolidación, máis alá do legalmente permitido.

Neste punto comprobouse que por parte da Consellería produciuse unha confusión entre o texto do documento inicialmente aprobado e o que resultou posteriormente aprobado de forma provisional polo Pleno. No mesmo acordo de aprobación provisional, apartado 6, indícase con claridade que se reformou a redacción do artigo 219.1 –aplicable á situación integral ou estrita-, precisamente co fin de non ampliar o contido literal das actuacións permitidas polo artigo 103.2 da LOUG.

Na reunión celebrada cos técnicos da Consellería clareouse este punto, e concluíuse que a nova redacción do documento provisionalmente aprobado si se axusta á lei, sempre que a substitución ou reposición de elementos estruturais teña un alcance puntual e xustificado no mantemento do uso preexistente, o que se especifica con claridade na redacción proposta do artigo 219.1.

As cuestións sinaladas deron lugar á elaboración polos Servizos Técnicos Municipais dun documento reformado, co que se pretende emendar ou clarificar os estremos indicados pola Consellería na súa Orde de data 6 de xuño de 2014.

As modificacións introducidas non teñen alcance substancial, xa que non alteran a regulación substantiva do documento sometido a exposición pública, tratándose en realidade de cambios na estruturación formal do seu contido.

Nembargante, e para os efectos do seu sometemento á aprobación da Consellería, estímase necesario que polo Pleno Municipal se adopte o corresponde acordo de aprobación das modificacións propostas.

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar provisionalmente o documento reformado da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal no que atinxe ao réxime de fóra de ordenación (capítulo IX -artigos 218, 219 e 220- e 124.1), así como á redacción do artigo 109.2.d), formulado polos Servizos Técnicos Municipais en outubro de 2014 como cumprimentación da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 6 de xuño de 2014.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En cumprimento do disposto polo artigo 85.7 da LOUG, someter o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que outorgue a resolución que proceda sobre a súa aprobación definitiva."

O ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente de data 23 de outubro propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

"a) Aprobar provisionalmente o documento reformado da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal no que atinxe ao réxime de fóra de ordenación (capítulo IX –artigos 218, 219 e 220- e 124.1), así como á redacción do artigo 109.2.d), formulado polos Servizos Técnicos Municipais en outubro de 2014 como cumprimentación da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 6 de xuño de 2014.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En cumprimento do disposto polo artigo 85.7 da LOUG, someter o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que outorgue a resolución que proceda sobre a súa aprobación definitiva."

(Incorpórarse á sesión plenaria o Sr. Meijide Rodríguez, concelleiro do grupo municipal do PP).

Enterados/as os/as concelleiros/as do contido do ditame e aberto o primeiro o turno de intervencións teñen lugar as seguintes:

A Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible, Indica que o réxime de fóra de ordenación atópase regulado no capítulo IX do PXOM, artigos 218 a 220, afectando tamén ao artigo 124.1 e ao 109.2.d.

A súa vez, di que a Lei 9/2002, a LOUGA, modificada pola Lei 2/2010 no seu artigo 103, define os edificios fóra de ordenación como aqueles que, escollidos con anterioridade á aprobación definitiva do Planeamento urbanístico, resultan desconformes con él.

O mesmo artigo, engade, define que dita incompatibilidade pode ser de dous tipos: total ou parcial, precisando sucintamente o que poida facerse en cada un deles.

En canto á disposición transitoria cuarta da Lei, clarexa que regula as construcións executadas en solo rústico ao amparo de licenza urbanística e de autorización autonómica.

Ademais, sostén que o artigo 210.2 asimila a situación de fóra de ordenación tanto aos edificios executados sen licenza como aos que incumpren as condicións da licenza unha vez transcorrido o período de seis anos de caducidade para repoñer a legalidade urbanística. Polo tanto, manifesta que o réxime legal de fóra de ordenación fai referencia a unha situación sobrevida de incompatibilidade ou desconformidade co planeamento dunha edificación preexistente coas determinacións do plan posterior. Así, precisa, resulta necesaria a aplicación dun réxime transitorio restritivo para limitar a vida útil dese ben, e para impedir o seu incremento de valor no momento da expropiación.

Considera que a aplicación deste réxime implica unha serie de restricións que supoñen un sacrificio no dereito da propiedade, sen dereito a indemnización, polo que cumprindo a finalidade anteriormente exposta poden favorecerse situacións de abandono, de carencia, e mesmo precipitar a extinción de actividades económicas.

Por estas razóns, insiste que tanto a doutrina como a xurisprudencia veñen consolidando principios de cautela e proporcionalidade na aplicación do réxime de fóra de ordenación.

Nesta liña, lembra que a LOUGA xa contemplou dous graos, con diferente nivel de tolerancia, na situación de fóra de ordenación. Ao sumar a esta situación de prudencia

o actual contexto socio-económico que está a provocar unha clara ralentización dos procesos de desenvolvemento de novo solo urbanizado, ponse de manifesto a necesidade de permitir a conservación, a renovación, e a rexeneración do patrimonio construído con especial atención a rexeneración urbana de zonas consolidadas. Indica que así o recoñece e o impulsa a lei estatal 8/2013, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

Nesta situación, parécelle aconsellable minimizar o risco de depreciación e de carencia que padecen as edificacións existentes que deveñen en situación de fóra de ordenación dende que se aproba o plan xeral ata a efectiva execución das súas determinacións.

En suma, di que se trata de articular un réxime transitorio para permitir a utilización destes edificios e instalacións en condicións de seguridade e funcionalidade e, á vez, non obstruír as determinacións do plan.

Por outra banda, parécelle importante diferenciar entre as situacións nas que unha edificación resulta fóra de ordenación polas determinacións do plan aínda que a edificación se tivera feito coa legalidade vixente, e aquelas nas que se trata de obras clandestinas ou ilegais nas que tivera caducado o prazo para adoptar medidas de reposición da legalidade urbanística.

Profía que o plan xeral vixente non efectúa graduación nas diferentes situacións de fóra ordenación. Así mesmo, recoñece que o actual artigo 219 pode implicar unha prohibición indiscriminada das obras necesarias para o mantemento dos usos preexistentes en condicións de funcionalidade e seguridade.

Di que esas razóns foron as que levaron aos responsables de urbanismo a propoñer unha modificación puntual dos artigos do plan xeral nos que se regula a situación de fóra de ordenación.

Ao mesmo tempo, lembra que o pleno municipal, mediante acordo adoptado o 23 de decembro de 2013, aprobou provisoriamente a modificación puntual de referencia e elevou o expediente completo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa aprobación definitiva.

No tocante á Consellería indica que, baseándose na orde do 6 de xuño de 2014, resolveu non outorgar a aprobación definitiva ao expediente, e instar a introdución dunha serie de correccións, fundamentalmente tres. Neste mesmo mes, informa, celebrouse unha reunión entre os técnicos municipais e os da Consellería na que se

analizaron as correccións propostas á vez que se aclarou o seu significado e o seu alcance. Finalmente, chegouse ás seguintes conclusións:

Primeiramente postulaba: “débense eliminar as adscricións ao réxime de aplicación do réxime de fóra de ordenación contempladas no artigo 218.2 da normativa proposta por non estar recollidas nos supostos da LOUGA”.

A este respecto, manifesta que o verdadeiro alcance do apartado dous era acotar o ámbito de aplicación do novo capítulo IX do PXOM, exceptuando aqueles supostos que xa dispoñen dunha regulación específica como poden ser os bens catalogados ou protexidos, ou as edificacións construídas en solo rústico ao amparo da licenza urbanística reguladas pola propia LOUGA. Co fin de evitar confusións na versión actual, propón suprimir dito apartado e incluír a regulación dos citados supostos da situación de incompatibilidade parcial remitíndo a coa concreción das actuacións permitidas ao que se estableza nas respectivas normas reguladoras.

En segundo lugar, a orde da Consellería recollía: “se entende que o definido como fóra de ordenación integral ou estrita, se axusta ao definido na LOUGA como situación de fóra de ordenación por incompatibilidade coas determinacións do planeamento”, ademais “o definido como edificacións desconformes, se asimila ao definido pola LOUGA como construcións só parcialmente incompatibles co novo planeamento”. Namentres, clarexa que non se considera xustificada a previsión dunha situación de fóra de ordenación transitoria ou deferida que non encontra amparo na LOUGA.

Á vista do indicado, di que o que se propón é configurar a regulación deste suposto particular como un subtipo da situación de incompatibilidade parcial, pois o artigo 103.3 da LOUGA habilita expresamente ao planeamento para definir os distintos supostos de incompatibilidade e, en consecuencia, regular de forma diferenciada as actuacións autorizables en cada un dos supostos tipificados.

Indica tamén que a situación das edificacións existentes en ámbitos que non teñen aprobada a súa ordenación detallada non é de incompatibilidade total, xa que corresponde ao futuro plan de desenvolvemento, sexa parcial ou especial, establecer o seu réxime urbanístico.

Deste xeito, e con carácter estritamente transitorio, comunica que en tanto non se aprobe a súa ordenación pormenorizada, as edificacións existentes nestes ámbitos considéranse incursas nunha situación de incompatibilidade parcial. É dicir, o planeamento pode permitir obras parciais e circunstancias de consolidación de forma ou incluso de ampliación, en base ao artigo 103.3 da LOUGA.

A modificación proposta, sinala, opta por permitir este tipo de actuacións nos edificios existentes, sempre que se acredite a renuncia do interesado a percibir calquera indemnización polo maior valor que puidera resultar froito das obras que excedan a mera conservación.

Por último, relata que na orde hai unha terceira chamada de atención na que se recolle: “debería corrixirse o establecido para as obras permitidas na situación de fóra de ordenación integral, onde segundo a LOUGA só se permiten obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente”, mentres que na proposta desta modificación puntual se engaden “as de rehabilitación e consolidación, máis alá do legalmente permitido”.

Afirma que neste punto comprobouse que por parte da Consellería produciuse unha confusión entre o texto do documento inicialmente aprobado, e o que resultou posteriormente aprobado de forma provisional polo pleno. Así, no mesmo acordo de aprobación provisional no apartado 6, indicábase con claridade que se reformou a redacción do artigo 219.1 aplicable á situación integral ou estrita co fin de non ampliar o contido literal das actuacións permitidas polo artigo 103.2 da LOUGA.

Neste sentido, di que na reunión celebrada cos técnicos da Consellería aclarouse este punto e concluíuse que a nova redacción do documento provisionalmente aprobado sí se axusta á lei, sempre que a substitución ou reposición de elementos estruturais teña un alcance puntual e xustificado no mantemento de uso preexistente, o que se especifica con claridade na redacción proposta para o artigo 219.1.

Sinala que as cuestións aludidas dan lugar á elaboración, polos servizos técnicos municipais, dun documento reformado co que se pretende emendar ou clarear os extremos indicados pola Consellería na súa orde do 6 de xuño de 2014.

Sostén que as modificacións introducidas non teñen alcance substancial, pois non alteran a regulación substantiva do documento sometido á exposición pública. Trátase de cambios da estruturación formal e o seu contido. Pola contra e para os efectos do seu sometemento á aprobación por parte da Consellería, estima necesario que o pleno municipal aprobe o correspondente acordo. En consecuencia propón adoptar o seguinte:

Aprobar provisionalmente o documento reformado de modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal no que atinxo ao réxime de fóra de ordenación formulado polos servizos técnicos municipais neste mes de outubro de 2014, como

cumprimentación da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 6 de xuño e, en cumprimento do disposto polo artigo 85.7 da LOUGA, someter o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a fin de que outorgue a resolución que proceda sobre a súa aprobación definitiva.

Lembra que dito punto foi visto pola Comisión de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas coa reserva de voto dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG.

O Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG, no primeiro lugar, considera que o debate de fondo sobre o presente asunto xa se tratou no pleno do mes de decembro do 2013 no cal, lembra, aprobouse a modificación puntual da normativa urbanística do PXOM aplicable ás situacións de fóra de ordenación. Concretamente, a modificación dos artigos que abranguen dende o 109 ata o 124 do capítulo IX do PXOM, aprobouse de xeito provisional só cos votos favorables do Partido Popular.

Afirma que dita proposta de modificación consistía basicamente nunha revisión dos graos de incompatibilidade co plan. Deste xeito, nos casos más graves, habería unha prohibición total e, no resto, un maior grao de tolerancia en canto ás actuacións permitidas. Ademais, para os ámbitos pendentes de ordenación, facilitaríase unha solución supostamente transitoria mentres non se aprobara o plan parcial ou o plan especial correspondente.

Recorda que, naquela sesión, falouse longo e tendido sobre o fondo da cuestión, e as posicións de todos os grupos municipais ficaron suficientemente claras. Por este motivo, di que tratará de repetir o menos posible os argumentos que daquela expuxo e que levaron ao BNG a non apoiar esa modificación e optar pola abstención.

Clarexa que se refire exclusivamente ás propostas concretas de reforma prantexadas polo PP a día de hoxe sobre aquela modificación en base ás consideracións feitas pola Xunta de Galicia.

Sostén que os reparos expostos pola Xunta xa foron adiantados no pleno de decembro de 2013 polos grupos da oposición. É dicir, dalgún xeito dáselle a razón ao grupo municipal nacionalista sobre algunas das críticas e dúbidas expostas ao respecto das propostas de modificación.

Indica que desde o BNG consideran que, neste tipo de casos, hai que ser extremadamente coidadosos. En primeiro lugar, porque afectan a un número moi importante de veciños e veciñas.

E, en segundo lugar, porque as delimitacións que non teñen ningún tipo de contraprestación, poden ser un arma de dobre fío contribuíndo a non prolongar a vida útil de vivendas condenadas a desaparecer mentres non o fan. Así, perpetúanse situacións de abandono, de decadencia de inmobles ou incluso, no caso de locais comerciais, precipítanse os seus peches. Cando esto se produce, evidénciase que a norma cumple cunha parte dos seus obxectivos, pero noutros tamén é contraria ao espírito último da mesma.

Polo tanto, clarexa que a xuízo do Bloque Nacionalista Galego, a regulación de fóra de ordenación non tería porque ser unha realidade inmutable, sempre que existan propostas enriba da mesa que globalmente a melloren. Ao mesmo tempo manifesta que ese non era o caso dalgunha das propostas feitas polo Partido Popular. Incluso dubida da súa compatibilidade coa normativa superior vixente, tal e como agora sinala a Xunta de Galicia. Di que se centra en dous aspectos: a eliminación das excepcións no réxime de aplicación do réxime de fóra de ordenación contempladas no artigo 218.2 da normativa proposta, por entender que non están recollidos nos supostos que recolle a LOUGA; e a eliminación da figura de fóra de ordenación transitoria.

Con respecto ao primeiro deles, entende que o que prantexa agora o goberno municipal, unha vez que a Xunta lles obriga a eliminar esas excepcións, é suprimir ese apartado e incluir a regulación deses supostos na situación de incompatibilidade parcial, remitindo a concreción das actuacións permitidas ou que se establezan nas respectivas disposicións reguladoras.

No relativo á eliminación da figura de fóra de ordenación transitoria, di que a lei de 2002 establecía graos de incompatibilidade total ou parcial aos que lles asignaba diferentes niveis de tolerancia. Até o de agora, afirma que a regulación de fóra de ordenación no PXOM de Santiago non afectou á graduación das distintas situacións de incompatibilidade. Polo tanto, somete a un mesmo réxime a todas as edificacións desconformes.

Insiste en que a proposta inicial do PP de decembro do ano pasado, creaba a nivel municipal diferentes réximes dentro dese, fóra de ordenación, e agora a Xunta de Galicia esixe a eliminación dun deses réximes, en concreto, a figura de fóra de ordenación transitoria.

Manifesta que o goberno municipal pretendía que ese réxime diferido transitorio se aplicase a edificacións pendentes dun plan especial ou parcial. Ademáis, sinala que ao estar pendentes dese desenvolvemento, en teoría, non se podería saber que grao de incompatibilidade terían co mesmo. Neses casos, denota que o Partido Popular propuña permitir obras puntuais de ampliación e de incremento de volume, previa renuncia do interesado ou interesada, a percibir indemnizacións polo incremento do valor que puidera ter.

Agora, vista a negativa da Xunta de Galicia, expresa que o que propón o goberno é regular ese suposto de fóra de ordenación transitoria ou diferida como un subtipo da situación de incompatibilidade parcial e, permitir así, obras parciais e circunstanciais de consolidación, reforma e mesmo ampliación, sempre que novamente se acredeite a renuncia do interesado ou interesada a percibir calquera indemnización polo maior valor que puidera resultar no futuro proceso de execución do plan das obras que excedan da mera conservación. En suma, di que o PP mantén o mesmo pero cun encaixe diferente.

Por todo o expresado con anterioridade, sinala que dende o Bloque Nacionalista Galego consideran necesario buscar un axeitado equilibrio entre o dereito colectivo dos veciños e veciñas de Santiago a disfrutar dun urbanismo ordenado, coherente e positivo tanto para a actividade económica como para a vida das persoas, e o dereito individual de todos aqueles propietarios e propietarias que queren ter as mellores condicións de habitabilidade posible. Ao mesmo tempo, dubida que ese equilibrio se consiga cos cambios propostos polo Partido Popular fai case un ano, e coas reformulacións das mesmas en base aos requirimentos da Xunta de Galicia. Alega razóns de forma fundamentalmente, pero tamén de fondo. En conclusión, a pesar de que atopa algúns elementos puntuais positivos na proposta de modificación, anuncia que o grupo municipal do BNG non emitirá un voto favorable á aprobación da mesma.

Seguidamente, toma a palabra á **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, quen lembra que en xaneiro do ano 2013, cando se aprobou inicialmente esta proposta de modificación con outro alcalde e outro grupo de goberno, o grupo municipal socialista xa anunciara o que hoxe se fai patente, que a Xunta de Galicia ía tumbar dita modificación.

A continuación, alude ao Sr. alcalde-presidente quen, como Conselleiro, derrubou a modificación coa resolución do 6 de xuño de 2014, na cal, a Secretaría Xeral, cuestiona de forma case integral a proposta do anterior goberno popular en base ao documento da Xunta. Este recolle que non outorga a aprobación definitiva, é dicir, a Orde da Consellería é que adapte todo á LOUGA. Tamén suxire que se deben eliminar varios

puntos, tales como as excepcións ao réxime de fóra de ordenación contempladas no artigo 218.2 da normativa proposta, por non estar recollidas nos supostos da LOUGA.

Por outro lado, fai referencia a unha sentenza do Tribunal Constitucional que anulou da Lei do Solo estatal do ano 1992, un dos artigos relativos ao réxime de fóra de ordenación, ratificando a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia na regulación do mesmo. Así, o réxime ven regulado no artigo 103 da Lei Galega, modificado polo goberno popular, no que se atopaba o Sr. alcalde-presidente, na pasada lexislatura coa aprobación da lei do ano 2010. Nela, afirma, quedan definidos cales son os réximes de fóra de ordenación en Galicia, pois non están regulados nin polo Estado nin polos concellos.

Considera que o que o goberno municipal prantexaba con este documento corrixido, tanto na súa aprobación inicial o 21 de xaneiro de 2013, como na provisional o 23 de decembro de 2013 e na actual, é un exercicio arriscado xa que se, por varias razóns, vulnérase o réxime plasmado na lexislación urbanística galega. En primeiro lugar, porque estábase a acuñar unha categoría non prevista na mesma denominada como transitoria ou diferida. Di que para o grupo socialista e para a propia Xunta de Galicia, simplemente se trata dun invento que vulnera o réxime previsto para as edificacións en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do planeamento. No que o goberno denomina fóra de ordenación integral ou estrita, a orde do 6 de xuño postula: “non se considera xustificada a previsión dunha situación fóra de ordenación transitoria ou diferida que non atopa abeiro no articulado da LOUGA”.

Respecto a súa regulación, di que a lexislación é taxativa tal e como recolle o artigo 103 no seu punto segundo. En base ao mesmo, nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só se poderán autorizar obras de mera conservación. En consecuencia, advirte que as necesarias de autorización xenérica e condicionadas de obras de rehabilitación e consolidación, carecen de fundamentación na lei.

Estima que hai unha confusión na Orde da Xunta de Galicia, no seu terceiro punto, referida ao artigo 219. Efectivamente, entre a aprobación inicial, que anunciaba o que di a Orde, e a provisional, houbo unha modificación. Lembra que esa equívocación denunciose en xaneiro do 2013 por parte do PSdeG-PSOE cando se aprobou inicialmente e, ao final corrixiuse na aprobación provisional. Como consecuencia desta orde de Xunta, di que o goberno, a día de hoxe, presenta un documento reformado da modificación que lle causa as mesmas inquietudes que o documento anterior. Pensa

que o goberno insiste en facer unha especie de xogo de mans, pretendendo excepcionar o de obrigado cumprimento do réxime urbanístico derivado da Lei do Solo e do Plan Xeral que os desenvolve.

En conclusión, afirma que toda esta operación adoece dunha inconsistencia normativa que incorpora elementos de inseguridade xurídica, e de vulneración dun réxime que está asentado na lexislación de forma moi clara.

Así, pensa que a lei do solo de Galicia, no relativo ao réxime de fóra de ordenación, conta cunhas marxes moi taxadas de adecuación ás diferentes situacions que se dan cun nivel de matiz non observable noutras lexislacións autonómicas.

Insiste en que os esforzos de todos débense centrar en impulsala dentro do lexislativo galego. Di que neste momento estase a tramitar a nova lei do solo no Parlamento e non se debería meter ao concello nun longo proceso de tramitación que pode xerar falsas expectativas e ten unha materialización moi incerta materialización. Ao mesmo tempo, dubida que ese documento sexa finalmente aprobado.

Dende o seu punto de vista, estas iniciativas ilustran, de xeito reiterado, unha práctica de desvalorización da planificación urbanística. Con este documento, pensa que se está a precarizar a posición xurídica do concello, porque aínda está moi desenfocado.

En conclusión, entende que o voto do grupo municipal socialista non pode ser favorable a esta proposta, pois non radica nesta instancia municipal a solución dun debate serio a respecto do réxime de fóra de ordenación, directamente relacionado coas indicacións e coas diferenzas da lexislación urbanística galega.

O **Sr. alcalde-presidente** dá paso á votación pero, antes de proceder á mesma, toma novamente a palabra a Sra. Rosón para preguntar se a Sra. Concelleira, con anterioridade, afirmou que a resolución da aprobación inicial ou provisional foi coa abstención dos grupos, xa que en base ás actas das dúas aprobacións non se axusta á realidade.

Ao respecto, dende o grupo municipal do Partido Popular retrucan que se trataba da acta de comisión.

Rematadas as quendas de intervención, non tendo lugar a segunda e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 PP

Votos en contra: 8 PSdeG-PSOE

Abstencións: 4 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE-Sr Reyes Santiás: art. 100 Rof: ausente no momento da votación)

Polo que o pleno da Corporación acorda por maioría absoluta dos presentes do seu número legal aprobar o ditame transcrto da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente correspondente a súa reunión que tivo lugar o día 23 de outubro de 2014, e consonte co informe inicialmente transcrto, relativo á **Aprobación provisional do documento reformado da modificación puntual do PXOM. Situacíons fóra de ordenación e Modificación dos artigos 109 a 124 e do capítulo IX do PXOM**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

4.-Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM na rúa das Penas nº 9C Aríns

Ao abeiro do disposto no artigo 73 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela dáse conta e lectura ao Pleno da Corporación do informe que emitiu a xefa de sección de xestión urbanística, que xunta a proposta da concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, en relación con este asunto, e que ten o seguinte contido:

"A Modificación ten por obxecto completar a ordenación establecida polo vixente Plan xeral de ordenación municipal nos terreos, clasificados como solo urbano consolidado, que dan fronte a un camiño público existente na marxe oeste da rúa das Penas (Aríns), á altura do número 9, e que lindan co ámbito do solo urbanizable non delimitado SUND-21.

O proxecto de Modificación foi presentado polo propietario dunha das parcelas afectadas, D. Álvaro Menéndez de Luarca Ballesteros, quen puxo de manifesto que a súa parcela (referencia catastral 0054704NH4405C0001UM), a pesares de ter a clasificación de urbano consolidado, suxeito á aplicación da ordenanza 5 -vivenda unifamiliar en ringleira- e dar fronte a un camiño público, non tiña sinaladas aliñacións polo Plan xeral vixente.

Analizada a situación polos Servizos Técnicos Municipais, estimouse necesario axustar a ordenación detallada do ámbito a través do procedemento de modificación do plan xeral, para o cal, mediante providencia da concelleira delegada da Área de

Desenvolvemento Urbano e Sostible do 28 de xaneiro de 2014, resolveuse impulsar de oficio a tramitación da proposta de Modificación presentada.

1. Contido e xustificación

A modificación proposta ten por obxecto principal sinalar as alíñacións dos terreos que dan fronte ao camiño existente, toda vez que aqueles teñen a condición de solo urbano consolidado e algúns xa foron edificados conforme a licenzas outorgadas ao abeiro do Plan xeral anterior.

De conformidade co informe técnico asinado o 6 de xuño de 2014 polo arquitecto xefe do Servizo de Planeamento, as alíñacións propostas garanten unha sección de 8 metros no tramo do camiño clasificado como solo urbano, xerando ao final un espazo público de 10 x 10 metros que permite o xiro dos vehículos, e que se obterá por cesión gratuita previa á edificación da parcela afectada. Cómpre advertir que parte do camiño existente atópase incluído no ámbito do SUND-21, de xeito que compete ao futuro Plan de sectorización definir a alíñación das edificacións que se prevean no seu ámbito de ordenación.

Por outra banda, e en consideración ás características do viario que dá soporte á nova edificación, estimouse máis axeitado substituír a ordenanza 5 do Plan vixente pola ordenanza 6 B -vivenda unifamiliar extensiva-, cuxos parámetros resultan más esixentes (edificabilidade máxima de 0,25, ocupación máxima do 25%, parcela mínima de 1.200 m² cunha fronte mínima de 20 metros á vía pública).

Coa modificación proposta mellóranse as condicións de accesibilidade ás edificacións existentes e previstas, e garántese a correcta edificación da parcela clasificada como solo urbano consolidado que dá fronte ao camiño público existente.

2. Tramitación

De conformidade co disposto polo artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), a Modificación haberá de tramitarse a través do procedemento regulado polo artigo 85 da dita Lei para a aprobación do planeamento xeral, coas seguintes particularidades:

- Non procede o sometemento a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa non necesidade por Decisión, do 27 de febreiro de 2014, do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.*

- Non resulta preceptivo solicitar o informe da Consellería con carácter previo á aprobación inicial, toda vez que a Modificación non implica reclasificación de solo, incremento de intensidade de uso, nin alteración de sistemas xerais (artigo 93.4, segundo parágrafo).

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na rúa das Penas número 9C – Aríns, segundo o proxecto presentado por D. Álvaro Menéndez de Luarca Ballesteros.

O proxecto que se somete a aprobación inicial figura integrado pola seguinte documentación:

- Memoria presentada o 27 de xuño de 2014.
- Plano de ordenación resultante presentado o 11 de xullo de 2014
- Plano e relación identificativa de propiedades afectadas e colindantes presentada o 11 de xullo de 2014.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

- b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública durante o prazo de DOUS MESES**, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.

- c) A aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do disposto polo artigo 77.2 da LOUG, a **suspensión do outorgamento das licenzas** que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.”

O ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente de data 23 de outubro propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na rúa das Penas número 9C – Aríns, segundo o proxecto presentado por D. Álvaro Menéndez de Luarca Ballesteros.

O proxecto que se somete a aprobación inicial figura integrado pola seguinte documentación:

- Memoria presentada o 27 de xuño de 2014.
- Plano de ordenación resultante presentado o 11 de xullo de 2014
- Plano e relación identificativa de propiedades afectadas e colindantes presentada o 11 de xullo de 2014.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

*b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública durante o prazo de DOUS MESES**, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.*

*c) A aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do disposto polo artigo 77.2 da LOUG, a **suspensión do outorgamento das licenzas** que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.”*

(Incorpórase o Sr Reyes Santiás)

Enterados/as os/as concelleiros/as do contido do ditame e aberto o primeiro o turno de intervencións teñen lugar as seguintes:

A Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible, asegura que esta modificación proposta do Plan xeral é unha modificación concreta que ten por obxecto completar a ordenación establecida no plan vixente de ordenación municipal nos terreos clasificados como solo urbano consolidado que dan fronte a un camiño público existente na marxe oeste

na rúa das Penas, a altura no número 9, e que lindan co ámbito do solo urbanizable non delimitado SUNP-21.

O proxecto de modificación, informa, presentouno o propietario das parcelas afectadas, e puxo de manifesto que na súa parcela non estaban sinaladas as alíñacións polo plan xeral vixente, a pesar de ter clasificación de solo urbano consolidado suxeito á ordenanza 5, vivenda unifamiliar adosada, e dar frente a un camiño público.

Indica que, unha vez analizada a situación polos servizos técnicos municipais, estimouse necesario axustar a ordenación detallada do ámbito a través do procedemento da modificación puntual do plan xeral. Ademáis, mediante providencia da concelleira de ÁREA de Desenvolvemento Urbano e Sostible do 28 de xaneiro de 2014, resolveuse impulsar de oficio a tramitación proposta da modificación presentada.

Di que a modificación suxerida ten por obxecto principal, sinalar as alíñacións dos terreos que dan fronte ao camiño existente, toda vez que aquilo ten a condición de solo urbano consolidado e algúns xa foron edificados conforme ás licenzas outorgadas ao amparo do Plan Xeral anterior.

De conformidade co informe técnico asinado o 6 de xuño de 2014 polo arquitecto xefe do servizo de planeamento, as alíñacións propostas garanten unha sección de oito metros no tramo do camiño clasificado como solo urbano, xerando ao final un espazo público de 10 x 10 metros que permitirá o xiro de vehículos e que obtería, por cesión gratuíta previa, a edificación da parcela afectada.

Do mesmo xeito, advirte que parte do camiño existente atópase incluído no ámbito SUNP-21. É dicir, compete ao futuro plan de sectorización definir a alíñación das edificacións que se prevean no seu ámbito de ordenación.

Por outro lado, manifesta que, en consideración coas características do viario que dá soporte á nova edificación, estimouse más adecuado substituír a ordenanza 5 do plan vixente, pola ordenanza 6.c, vivenda unifamiliar extensiva, cuxos parámetros resultan más esixentes.

Así mesmo, asegura que coa modificación proposta mellóranse as condicións de accesibilidade das edificacións existentes e previstas, e garantízase a correcta edificación da parcela clasificada como solo urbano consolidado que dá fronte ao camiño público existente.

De conformidade co disposto no artigo 93.4 da LOUGA, anuncia que a modificación haberá de tramitarse a través do procedemento regulado polo artigo 85 desta lei, para a aprobación do planeamento coas seguintes particularidades:

- Non procede o sometemento á avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa necesidade pola decisión de 27 de febreiro de 2014 do secretario xeral de calidade e avaliación ambiental.
- Non resulta preceptivo solicitar o informe da Consellería con carácter previo á modificación inicial, toda vez que a modificación non implica a reclasificación do solo, o incremento da intensidade do uso, ou a alteración de sistemas xerais, artigo 93.4.

En consecuencia propón ao pleno municipal aprobar o seguinte acordo:

Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal na rúa das Penas, núm. 9-C Aríns, segundo o proxecto presentado por don Alvaro Mendez de Luarca Ballesteros, o proxecto que se somete á aprobación inicial figura integrado pola seguinte documentación:

Memoria.

Plano de ordenación resultante.

Plano e relación identificativa de propiedades afectadas e colindantes.

Apunta que, en aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUGA, a modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durantes dous meses mediante os anuncios que para o efecto se publicarán tanto no Diario Oficial de Galicia, como nos dous xornais de maior circulación, e darase audiencia aos concellos limítrofes. Así mesmo, comenta que a aprobación inicial determina automáticamente, por aplicación do disposto no artigo 37.2 da LOUGA, a suspensión do outorgamento de licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta durante o prazo máximo de dous anos, contando dende a aprobación inicial.

Finalmente, clarexa que este punto foi visto pola Comisión Informativa de Urbanismo e contou coa reserva de voto dos grupos da oposición (BNG e PsdeG-PSOE).

A continuación, toma a palabra a **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, quen comunica a abstención do grupo municipal socialista no tocante a este punto. De tratarse dun erro cartográfico, é dicir, unhas aliñacións dos terreos que non aparecen debuxados na cartografía do Plan Xeral que dan fronte a un camiño existente, asegura non comprender por que non se corrixe, se publica e se conclúe,

Tampouco concibe e, polo tanto, amosa o seu desacordo en base á tramitación dos erros, pois faise a través dunha modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Ao seu parecer, existen outros instrumentos más lixeiros e rápidos, como pode ser un estudo de detalle, que permiten solucionar dunha forma menos pesada todos estes procesos.

Pregúntase se pode existir algúun outro problema. En caso afirmativo gustaríalle saber de que se trata polo que, ao respecto, agarda ter coñecemento durante o período de exposición pública.

En todo caso, dado que o grupo municipal popular seguirá adiante coa modificación, cre que sería interesante, por unha cuestión de transparencia, cumprimentar o que di o artigo 70.3 da Lei Reguladora do Régime Local respecto a facer constar no expediente a identidade dos propietarios das fincas afectadas durante os cinco anos anteriores ao inicio do mesmo.

En coherence co exposto, reitera que o voto do grupo municipal socialista, neste momento de aprobación inicial, será de abstención. Ao mesmo tempo amosa a disposición do seu grupo a revertir esta situación se, durante a exposición pública e na aprobación provisional, o PP é quen de convencelos do contrario.

Rematado o turno de intervencións, non tendo lugar o segundo, e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 PP
Votos en contra: 0
Abstencións: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta dos presentes do seu número legal aprobar o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente correspondente a súa reunión que tivo lugar o día 23 de outubro de 2014, e consonte co informe inicialmente transcrito, relativo á **Aprobación inicial da modificación puntual o PXOM na rúa das Penas nº 9c Aríns**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

5.-Proposta Concelleiro de Facenda de declaración de utilidade municipal das obras de acondicionamento do Pazo de Xelmírez, aos efectos de bonificación no ICIO, solicitada pola Fundación Catedral de Santiago
--

Ao abeiro do disposto no artigo 73 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela dáse conta e lectura ao Pleno da Corporación do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 27 de outubro de 2014 emitido a instancia do concelleiro delegado da área de Facenda, en relación con este asunto, e que ten o seguinte contido:

“VISTO o expediente remitido pola Xefa de Sección, recadación e inspección tributaria solicitando á Secretaría Xeral do Pleno da Corporación a inclusión na orde do día da vindeira sesión plenaria do expediente sobre solicitude de bonificación no Imposto sobre Construccións, Instalacións ou Obras presentada por FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, relativa á licenza para executar as obras de ACONDICIONAMENTO COMO SALA DE EXPOSICIÓN DA SALA DE ARMAS E ANEXOS DO PAZO DE XELMIREZ NA PRAZA DO OBRADOIRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, según o proxecto de data 15 de marzo de 2012 e o escrito de corrección de erros de data 8 de maio de 2013, redactados polo arquitecto Angel Panero Pardo (Oficina Técnica do Consorcio de Santiago).

CONSIDERANDO que o artigo 103.2. a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, establece o seguinte respecto de as posibles bonificaciones aplicables á cota do Imposto sobre Construccións Instalacións e Obras:

«a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Correspondrá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioria simple dos seus membros.»

CONSIDERANDO que o artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras dí textualmente:

“Establécese unha bonificación do 30% a favor das Construccións, Instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioria simple dos esus membros.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal se producirá mediante solicitude do interessado acompañando informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal”.

VISTO o informe favorable emitido polo Director de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible con data 18 de setembro de 2014.

VISTO o informe favorable emitido polo Secretario Xeral do Pleno con data 14 de outubro de 2014.

EXAMININADA a documentación que se acompaña.

Por medio da presente proponse ó Pleno da Corporacións que adopte acordo favorable, no seu caso, sobre o seguinte:

Primeiro:-Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de **ACONDICIONAMENTO COMO SALA DE EXPOSICIÓN DA SALA DE ARMAS E ANEXOS DO PAZO DE XELMIREZ NA PRAZA DO OBRADOIRO DE SANTIAGO DE COMPOSTE** promovida pola **FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, ao abeiro do disposto na Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello.

Segundo.-En consecuencia, recoñecer unha bonificación do 30% a efectos do ICIO ás devantidas obras, según o disposto no artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do de devandito imposto.

Terceiro:-Facultar ó Sr. Concelleiro de Facenda tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.”

Enterados/as os/as concelleiros/as do contido do dictame e aberto o primeiro o turno de intervencións teñen lugar as seguintes:

O **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**, relata que o expediente foi remitido pola Xefa de sección de recaudación e inspección tributaria que solicita á Secretaría Xeral do Pleno a súa inclusión na orde do día do expediente sobre solicitude de bonificación no imposto de construcións, instalacións ou obras presentada pola Fundación Catedral de Santiago de Compostela, relativa á licenza para executar as obras de acondicionamento como sala de exposición da sala de armas e anexos do Pazo de Xelmirez na Praza do Obradoiro, segundo o proxecto de data 15 de marzo de 2012, e o escrito de corrección de erros de data 8 de maio de 2013, redactados polo arquitecto Angel Panero Pardo, da oficina técnica do Consorcio de Santiago.

Di que considerando que o artigo 103.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo de 2004 de 5 de marzo, establece, respecto das posibles bonificacións aplicables a cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que “unha bonificación de ata o 95% das construcións, instalación ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas, ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. Correspondrá dita declaración ao pleno da corporación e acordarse previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos membros”.

O mesmo texto, indica, atópase recollido no artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal 1.04 do Concello de Santiago de Compostela, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Neste recóllese o seguinte:

“Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas, ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación co voto da maioría simple dos seus membros.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, segundo informa, producirase mediante solicitude do interesado e incluirá un informe que o motive.

Visto o informe favorable emitido polo director de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible con data 18 de setembro de 2014, e visto o informe favorable emitido polo Secretario Xeral do Pleno con data 14 de outubro de 2014, propón declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de acondicionamento tales como a sala de exposición, a sala de armas e os anexos do Pazo de Xelmírez na Praza do Obradoiro, promovida pola Fundación Catedral de Santiago de Compostela ao abeiro do disposto na ordenanza fiscal 1.04 do concello. Consecuentemente tamén plantexa a posibilidade de recoñecer unha bonificación do 30% a efectos do ICIO ás devanditas obras segundo o disposto no artigo 8.1 da ordenanza fiscal 1.04 do Concello de Santiago de Compostela, reguladora do devandito imposto.

Considera que ao concelleiro de facenda débeselle facultar tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A continuación, está no uso da palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Sinala no BNG e no PSdeG-PSOE son coñecedores tanto do presente punto como do seguinte e están de acordo. En consecuencia, a efectos de axilizar, propón abordar e votar de xeito conxunto, sen entrar en máis detalle.

Intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, para indicar que apoia a proposta do Sr.Cela Díaz.

Rematado o primeiro turno de intervencións, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros aprobar o ditame transscrito da Comisión Informativa de Facenda correspondente a súa reunión que tivo lugar o día 27 de outubro de 2014, e consonte co informe inicialmente transscrito, relativo á **Proposta Concelleiro de Facenda de declaración de utilidade municipal das obras e acondicionamento o Pazo e Xelmírez, aos efectos de bonificación no ICIO, solicitada por la Fundación Catedral de Santiago**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

6.-Proposta Concelleiro de Facenda de declaración de utilidade municipal das obras de retirada do revestimento de bóvedas na catedral, aos efectos de bonificación no ICIO, solicitada pola Fundación Catedral de Santiago

Ao abeiro do disposto no artigo 73 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela dáse conta e lectura ao Pleno da Corporación do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 27 de outubro de 2014 emitido a instancia do concelleiro delegado da área de Facenda, en relación con este asunto, e que ten o seguinte contido:

“VISTO o expediente remitido pola Xefa de Sección, recadación e inspección tributaria solicitando á Secretaría Xeral do Pleno da Corporación a inclusión na orde do día da vindeira sesión plenaria do expediente sobre solicitude de bonificación no Imposto sobre Construccións, Instalacións ou Obras presentada por FUNDACIÓN CATEDRAL DE

SANTIAGO DE COMPOSTELA, relativa á licenza para executar as obras de **REVESTIMENTO DE BÓVEDAS EN MAL ESTADO NA PRAZA OBRADOIRO**, según o proxecto de intervención urgente sobre o revestimento das bóvedas das naves da catedral de Santiago, redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Alonso de la Peña, presentado con data 25 de novembro de 2013.

CONSIDERANDO que o *artigo 103.2. a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo*, establece o seguinte respecto de as posibles bonificaciones aplicables á cota do Imposto sobre Construccións Instalacións e Obras:

«a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Correspondrá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioria simple dos seus membros.»

CONSIDERANDO que o *artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras* dí textualmente:

“Establécese unha bonificación do 30% a favor das Construccións, Instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioria simple dos eses membros.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal se producirá mediante solicitude do interessado acompañando informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal”.

VISTO o informe favorable emitido polo Director de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible con data 18 de setembro de 2014.

VISTO o informe favorable emitido polo Secretario Xeral do Pleno con data 14 de outubro de 2014.

EXAMININADA a documentación que se acompaña.

Por medio da presente proponse ó Pleno da Corporación que adopte acordo favorable, no seu caso, sobre o seguinte:

Primeiro.-Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de **REVESTIMENTO DE BÓVEDAS EN MAL ESTADO NA PRAZA OBRADOIRO** promovida pola **FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, ao abeiro do disposto na Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello.

Segundo.-En consecuencia, recoñecer unha bonificación do 30% a efectos do ICIO ás devanidas obras, según o disposto no artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do de devandito imposto.

Terceiro.-Facultar ó Sr. Concelleiro de Facenda tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.”

Enterados/as os/as concelleiros/as do contido do dictame, non tendo lugar intervencións e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros aprobar o ditame transscrito da Comisión Informativa de Facenda correspondente a súa reunión que tivo lugar o día 27 de outubro de 2014, e consonte co informe inicialmente transscrito, relativo á **Proposta Concelleiro de Facenda de declaración de utilidade municipal das obras de retirada do revestimento de bóvedas na catedral, aos efectos de bonificación no ICIO, solicitada pola Fundación Catedral de Santiago**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

7.-Proposta de modificación das bases de execución do orzamento (subvencións nominativas art. 28-1)

Ao abeiro do disposto no artigo 73 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela dáse conta e lectura ao Pleno da Corporación do dictame da Comisión Informativa de Facenda de data 27 de outubro de 2014 emitido a instancia da concelleira delegada da área de Economía, en relación con este asunto, sobre a bases do informe de Intervención que se transcribe:

"EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DO ANO 2014"

ANTECEDENTES

Remitidas a seguintes proposta de modificación das subvencións nominativas da base 28.1 dos orzamentos para 2014:

a) Proposta formulada pola concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados, relativa a minoración da subvención nominativa prevista para o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (aplicación orzamentaria 070 43100 48900. Comercio. Outras transferencias nominativas), por importe de 10.000€.

Ó abeiro do sinalado no artigo 177.2 TRLRFL e 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais, emitese o seguinte INFORME PRECEPTIVO:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

1. *RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais*
2. *RD 500/1990, de 20 de Abril, Regulamento orzamentario*
3. *Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réximen Local*
4. *RDL 781/86 TRRL, de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
5. *Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local*
6. *Bases de Execución do Orzamento.*

CONSIDERACIÓNS

As subvencións nominativas deben de aprobase co orzamento, polo que un cambio das mesmas supón incoar un procedemento de modificación orzamentaria, segundo o procedemento dos artigos 168 e 171 do TRLFL.

Esta modificación supón, por un lado, a minoración dos créditos iniciais da aplicación orzamentaria 070 43100 48900, -que segundo consta no informe da técnico da concellería será obxecto dunha trasferencia de crédito a aprobar polo órgano competente á aplicación orzamentaria 070 43100 22699/2014 unha vez aprobada definitivamente esta modificación;- e por outro lado, supón a modificación do anexo de subvencións nominativas contida no artigo 28.1 das Bases de Execución do orzamento 2014, minorándose o importe correspondente ao "Colexio de Avogados de

Santiago de Compostela” en 10.000€, co que a subvención deste beneficiario quedaría cun crédito de 5.000€ .

CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente a proposta de modificación do anexo de subvencións nominativas.”

A proposta da concelleira de economía, comercio, emprego, turismo e mercados de data 21 de outubro de 2014, ten o seguinte contido:

“A vista do informe técnico de comercio de data 21 de outubro de 2014, proponse perante o pleno municipal a aprobación de:

Modificación das bases de execución do orzamento municipal para o 2014, concretamente o artigo 28.1 das bases de execución, consistente na minoración da subvención nominativa prevista para o colexio de avogados de Santiago de Compostela (aplicación orzamentaria 070 43100 48900. Comercio. Outras transferencias nominativas) que quedará finalmente cun crédito de 5000 euros.

Unha vez aprobada definitivamente dita modificación, procederase a propor, perante o órgano competente, a aprobación da transferencia de crédito que corresponda polo saldo de crédito existente.”

Enterados/as os/as concelleiros/as do contido do dictame, e aberto o primeiro turno de intervencións teñen lugar as seguintes:

O Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda, indica que a proposta deriva da Concellería de Economía, Comercio, Emprego, Turismo e Mercados, a vista do informe da técnica de comercio de data 21 de outubro de 2014. Así, propón perante o Pleno Municipal, a aprobación da modificación das bases de execución do orzamento municipal para o 2014. Concretamente, do artigo 28.1 das bases de execución, consistente na minoración da subvención nominativa prevista para o colexio de avogados de Santiago de Compostela, aplicación orzamentaria 48900-comercio-outras transferencias nominativas, que quedará finalmente cun crédito de 5000 Euros. Unha vez aprobada definitivamente dita modificación, prosegue, procederase a propor, perante o órgano competente, a aprobación da transferencia de crédito que corresponda polo saldo do crédito existente.

De seguido, está no uso da palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, que manifesta que tendo en conta a proposta, primeiramente subliña que o escenario actual é consecuencia da aprobación duha proposta e dunha preparación dos orzamentos. Atópase con que, na xustificación aludida polo grupo municipal popular para esta modificación orzamentaria, alégase o seguinte:

“A minoración formulada non impide a consecución do obxectivo previsto da posta en marcha do servizo de mediación e permite a súa vez atender a outra necesidade apremiante do sector, como reforzar a campaña de dinamización comercial do Nadal”. Neste sentido, sorpréndese da minoración de 10.000 euros a 5.000 euros, e non entende que no seu momento o goberno orzamentara o dobre do necesario á vez que aseguraban que a minoración formulada non impide a consecución do obxectivo previsto. É dicir, no seu momento non ornamentaron dunha maneira axeitada. Polo tanto, entende que isto é unha demostración máis da capacidade de improvisación do goberno do Partido Popular polo que o grupo socialista optará pola abstención neste punto.

De novo, toma a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**. Para mencionar que a xustificación é bastante extensa e consta no informe da técnico responsable de comercio. Por ese motivo, ante o risco de non ter nesta anualidade 2014 demanda suficiente, plantexa unha redución neste ano e o reforzo da campaña de dinamización na tempada de Nadal. Finalmente, insiste en que está perfectamente xustificado.

Rematado o primeiro turno de intervencións, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (PP)
Votos en contra: 0
Abstencións: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal aprobar o ditame transscrito da Comisión Informativa de Facenda correspondente a súa reunión que tivo lugar o día 27 de outubro de 2014, e consonte co informe inicialmente transscrito, relativo á **Proposta de modificación das bases de execución do orzamento (subvencións nominativas art. 28-1)**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

8.-Dar conta do informe do período medio de pago de setembro 2014

Dase conta do informe emitido por intervención con data 23 de outubro do corrente ano, e que ten o seguinte contido:

"ASUNTO: CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO SEGUNDO REAL DECRETO 635/2014 DE 25 DE XULLO POLO QUE SE DEVENVOLVE A METODOLOXÍA DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEORES DAS AAPP E AS CONDICIONS E O PROCEDIMENTO DE RETENCION DOS RECURSOS DOS REXIMENES DE FINANCIACIÓN, PREVISTOS NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA.

ANTECEDENTES

O artigo 4.1 b) da Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera estableceu a obriga de que o Interventor da entidade comunique ó Ministerio os datos relativos ó cumprimento do prazo de pago ós provedores.

Pois ben, con data de 31 de xullo de 2014 entrou en vigor o Real Decreto 635/2014 (BOE de 30 de xullo de 2014) que ten por obxecto definir a metodoloxía a aplicar no sector das Administracións Públicas, para o cálculo e publicidade do período medio de pago a provedores en termos económicos, así como as condicións nas que se reteñen os recursos da participación nos tributos do Estado ante o suposto de incumprimento do prazo máximo de pago.

Nos artigos 3, 4 e 5 concrétanse as novas fórmulas a aplicar para obter o Período medio de pago (PMP) global como o PMP para cada unha das entidades que forman parte da entidade local.

Primeiro establecéense douis cálculos previos que son, o ratio das operacións pagadas e o ratio das operacións pendentes de pago:

Ratio de las operaciones pagadas	=	$\Sigma (\text{número de días de pago} * \text{importe de la operación pagada})$
	=	Importe total de pagos realizados

Enténdese por número de días de pago, os días naturais transcorridos dende os trinta prosteriores á data de entrada da factura no rexistro contable de facturas ou dende a data de aprobación da certificación mensual da obra, ata a data de pago material pola Administración.

<i>Ratio de operaciones pendiente de pago</i>	$= \frac{\sum (\text{número de días pendientes de pago} * \text{importe de la operación pendiente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendientes}}$
---	---

Enténdese por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos dende os trinta prosteriores á data de entrada da factura no rexistro contable de facturas ou dende a data de aprobación da certificación mensual da obra, ata o último día do periodo o que se refiran os datos publicados.

En ambos casos se toman en consideración as facturas (ou certificacións de obra aprobadas) expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre Administracións Públicas en termos de contabilidade nacional, as pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Provedores e as retidas por embargos, mandamentos de execución, procedimentos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais ou administrativos.

A partir destes ratios se calcula o PMP para cada periodo e entidade que forma parte do grupo da entidade local:

<i>Periodo medio de pago de cada entidad</i>	$= \frac{\text{ratio operaciones pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operaciones pendientes de pago} * \text{importe total pagos pendientes}}{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendientes}}$
--	--

Por último se calcula o PMP global a provedores do grupo da entidade local:

<i>Periodo medio de pago global a proveedores</i>	$= \frac{\sum (\text{periodo medio de pago de cada entidad} * \text{importe operaciones de la entidad})}{\sum \text{importe operaciones de las entidades}}$
---	---

De acordo co artigo 6, estes catro datos se remitirán ao Ministerio de Hacienda y Administracións Públicas e se publicarán periódicamente de acordo coa Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, por la que se desarrollan las obligaciones de

suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril. Así mesmo a publicación se fará tamén no portal web da entidade garantizando a accesibilidade e transparencia da mesma.

Por último indicar que de acordo coa Disposición Transitoria Unica do Real Decreto 635/2014, o estar o Concello de Santiago incluído no ámbito do artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 lle corresponde publicar antes do día trinta de cada mes esta información, sendo a primeira publicación no mes de outubro 2014 referida ós datos do mes de setembro de 2014.

DATOS DO SECTOR CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E ENTIDADES DEPENDENTES

O Concello de Santiago de Compostela, ten recibido con data de outubro de 2014 a clasificación definitiva a efectos da contabilidade nacional dos entes dependentes , co seguinte desglose no sector Adiministracións Públicas:

SECTOR PÚBLICAS (S.13)	ADMINISTRACIONES	INFORMACIÓN Y COMUNICACIÓN SOCIAL, S.A.
		AUDITORIO DE GALICIA

Tendo en conta o Real Decreto 635/2014, fixéronse os cálculos do PMP global a provedores e do PMP de cada entidade que conforma o sector AAPP do Concello de Santiago de Compostela, cos seguintes resultados:

Descripción de la Entidad	Ratio Operaciones Pendientes de Pago	Importe de Operaciones Pendientes de Pago	Ratio de Operaciones Pagadas	Importe de Operaciones Pagadas	Periodo Medio de Pago de la Entidad	Periodo Medio de Pago del Grupo
CONCELLO DE SANTIAGO	DE 32,65	5.166.964,16	23,33	5.654.023,32	27,78	26,81
AUDITORIO GALICIA	DE -21,30	74.677,91	24,55	254.234,28	14,14	26,81
INCOLSA - INFORMACION E COMUNICACION SOC	E -12,00	131.808,03	19,00	169.845,89	5,78	26,81

CONCLUSIÓNS

O PMP global para o Concello de Santiago e os seus entes dependentes é de **26,81 días**, polo que estase a cumplir o prazo máximo de pago a provedores (30 días) a que se refire o artigo 18.5 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Este prazo tamén se cumple individualmente para cada entidade, sendo de 27,78 días para o Concello, de 14,14 días para o Auditorio de Galicia e de 5,78 días para a empresa municipal INCOLSA.

Por último indicar que a comunicación destes datos ó Ministerio, de conformidade co artigo 4.1 b) da Orden HAP/2105/2012, e de conformidade co establecido na mencionada Disposición Transitoria Única del Real Decreto 635/2014, cumpriuse con data de 22 de outubro, mediante a súa remisión a través da páxina web da Oficina Virtual das EELL, e só resta a súa publicación na páxina web do Concello de Santiago para xeral coñecemento do público.”

O Pleno da Corporación queda enterado do informe transcrito.

9.-Dar conta da documentación remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondente ao terceiro trimestre do exercicio de 2014, relativa ao seguimento do Plan de Axuste

Dase conta.

10.-Dar conta de Resolución da Alcaldía en materia de delegación de asuntos de trámite no director da área técnica de desenvolvimento urbano e sostible

O **Sr. alcalde-presidente** comenta que dase por cumprimento a este punto coa entrega da documentación distribuída na convocatoria, salvo que algún grupo queira algúna aclaración.

11.-Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellerías delegadas e acordos da Xunta da Cidade de Santiago de Compostela

O **Sr. alcalde-presidente** comenta que dase por cumprimento a este punto coa entrega da documentación distribuída na convocatoria, salvo que algún grupo queira algúna aclaración.

12.-Rogos e preguntas

(Art. 108 Regulamento Orgánico do Pleno).

12.1. Rogos:

12.1.1.PS DE G-PSOE:

- a) Para a limpeza a arranxo das instalacións situadas no Parque Público de Galeras (rex. Entrada 205 de 1 de outubro e 2014):**

O **Sr. alcalde-presidente**, de acordo coa orde de chegada ao rexistro de entrada, dá paso ao primeiro rogo, presentado polo Partido Socialista, para a limpeza e arranxo das instalacións situadas no Parque Público de Galeras.

Ten a palabra o **Sr. Muíños Sánchez, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, quen sinala que, coa presentación do presente rogo, adxuntou unhas fotografías onde se pode apreciar o deterioro das instalacións situadas no Parque Público de Galeras para a práctica do deporte da chave, debido ao nulo mantemento por parte do goberno municipal.

Di que ata o día de hoxe, non somentes se emprega para facer botellón, senón que serve como refuxio para que os indixentes pasen as noites. Considera que é unha magoa que un parque como o de Galeras, nun marco tan fabuloso e cunha pista polideportiva exterior recén arranxada, teña esta instalación municipal e este lamentable estado. De ahí radica a motivación do rogo do grupo municipal socialista, no cal demándase o seguinte:

“que o goberno municipal proceda coa maior brevidade á limpeza e coidado da pista construída no parque de Galeras, para a práctica deste deporte tradicional como é a chave na nosa cidade, así como a instalación das luminarias que faltan dende fai tempo. Solicítase tamén unha maior vixilancia policial polas noites, xa que este espazo é un punto habitual de encontro de mozos/as que realizan botellón”.

Ademáis do anterior, indica que os xogadores transmitíronlle a necesidade de estudar unha mellora na pista co fin de que, á hora de xogar en tempada invernal non se mollen, e de dispor de luz suficiente para a realización deste deporte.

Ten a palabra a **Sra. Corral López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Servizos Sociais**, quen admite, tal e como manifestou o Sr. Muíños, que a

ubicación do tiro de chave que esta no parque de Galeras sempre foi proclive, dende a súa construcción, a sufrir ataques vandálicos. Di que esto provocou a necesidade constante nos últimos anos de acometer os conseguintes arranxos.

En canto ao estado actual, afirma que dende o departamento de deportes xa se elaborou unha estimación, unha valoración do que suporía facer un peche máis consistente, con outro tipo de material e mesmo con outras dimensíons. A día de hoxe, relata que están estimando e valorando que efectivamente ese peche sexa efectivo para poñer fin aos ataques vandálicos.

No tocante ás luminarias, informa que están presentes xa que se artellou un sistema de extracción e volta para colocar focos e para evitar que fosen destrozados ou substraídos.

En base á cuberta, tendo en conta o deporte que se practica, parécelle que é suficiente. Di que non se poden subtraer as condicións metereolóxicas de Santiago, e que cubrilo totalmente para construir un galpón no parque das Galeras, non sería nin urbanística nin estéticamente posible. En calquera caso, insiste en que o acondicionamento estase a valorar.

- b) Para que as obras de reurbanización e peatonalización da rúa Carreira do Conde e de reurbanización de Montero Ríos se executen unha vez rematen as do aparcamento disuasorio de Cornes, xa que a eliminación das prazas de aparcamento em superficie no ámbito o Ensanche vai supoñer um grave prexuízo ao pequeno comercio a zona: (rex. Entrada 229 de 24 de outubro e 2014):**

A continuación, o Sr. alcalde-presidente dá paso ao seguinte rogo, tamén do grupo municipal socialista, ao pleno da corporación para que as obras de reurbanización e peatonalización da rúa Carreira do Conde e de reurbanización de Montero Ríos se executen unha vez rematen as do aparcamento disuasorio de Cornes.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, manifesta que o grupo municipal socialista denunciou públicamente en reiteradas ocasións ao longo dos últimos anos a lamentable situación do aparcamento disuasorio de Cornes-Pontepedriña, así como a paralización do plan sectorial de aparcadoiros disuasorios da Xunta de Galicia, que prevía oito aparcamentos de borde para Santiago de Compostela.

Lembra que fai uns días, o goberno anunciou a inminente execución das obras do aparcamento de Pontepedriña cun investimento de máis de oitocentos mil euros, e que disporá de duascentas prazas. Di que as citadas obras van coincidir coas de reurbanización en dúas rúas do Ensanche nas cales, indica, o goberno vai eliminar prácticamente a totalidade das prazas de aparcamento en superficie xa que se vai a proceder á reurbanización e peatonalización de Carreira do Conde e a reurbanización de Montero Ríos.

En base ao anterior, di que o grupo municipal socialista presenta ao pleno da corporación o seguinte rogo:

- “1. Que as obras de reurbanización e peatonalización da rúa Carreira do Conde e de reurbanización de Montero Ríos se executen unha vez rematen as do aparcamento disuasorio de Cornes, xa que a eliminación das prazas de aparcamento en superficie no ámbito do Ensanche vai supoñer un grave prexuízo ao pequeno comercio da zona.
2. Que o Pleno da Corporación acorde instar á Xunta de Galicia a cumplir o Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios da nosa cidade.”.

Para respostar, ten a palabra, a **Sra. Gutiérrez López, conselleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible**.

Considera que neste rogo, o grupo municipal socialista plantexa a paralización ou o retraso de dúas obras de reurbanización da cidade en tanto non se executen as obras do aparcamento de Pontepedriña, alegando que a reducción de prazas de aparcamento na superficie vai prexudicar ao pequeno comercio da zona.

Esta afirmación, ao seu xuízo, é bastante gratuíta e contraria á política que o PSdeG-PSOE exerceu durante os seus gobernos.

Indica que o Ensanche, durante os quince últimos anos, estivo sometido a un proceso de recuperación do espazo público para os cidadáns, en detrimento da ocupación deste espazo polos vehículos. Dito proceso, afirma, acompañouse pola creación de espazos de aparcamentos en subsolo e tamén en superficie noutros ámbitos da cidade.

A día de hoxe, di que xa existen dous aparcamentos disuasorios nas zonas norte e sur da cidade, que serán complementadas en breve co aparcamento de Pontepedriña na zona centro. En calquera caso, parécelle que neste momento se está a cuestionar o que ata agora era un consenso, que cando o espazo público é limitado, o uso prioritario é o peonil.

Por outra parte, comenta que tendo en conta a experiencia acumulada durante estes anos, é posible comprobar que, lonxe de producir un prexuízo aos usos comerciais, a ampliación das beirarrúas, ao evitar a circulación de búsqueda de aparcamento e a segunda fila, provocou un aumento na fluidez do tráfico e no uso peonil das rúas, enchendo de vida o Ensanche. Pensa que, a día de hoxe, ningún comerciante dos que viron ensanchadas as beirarrúas, solicitaría ao concello que llas estreitaran para xerar unha banda de aparcamento.

Está segura de que Carreira do Conde convertirse nun lugar atractivo para pasear, para sentarse, e para comunicar o Ensanche coa Alameda.

Ao mesmo tempo, entende que os prexudicados neste caso poden ser os residentes que non dispoñan dunha praza de aparcamento, pero entende tamén, que o espazo público é un espazo para o uso común. Indica, ademáis, que nestas rúas faise difícil o feito de pararse un momento a charlar, ou simplemente camiñar cun paraugas aberto, algo que en Santiago é necesario.

Di que tanto nesta cidade como na maioría de cidades europeas foise asumindo que os usuarios de vehículos lixeiros deben buscar alternativas ao aparcamento en liña xunto a beirarrúa na proximidade da súa vivenda.

Recoñece que a obriga do goberno municipal, como responsable da xestión da cidade, é ofrecer tantas alternativas como sexa posible. Polo tanto, di que seguen traballando nesa liña pero tamén entende que iso non debe retrasar obras que son necesarias para mellorar a calidade de vida dos veciños, xa que levan moito tempo agardando.

c) Para que se estude técnicamente unha solución para que a rúa Xoán XXIII non permanezca tan escura (rex. Entrada 230 de 24 de outubro e 2014):

De seguido, o Sr. alcalde-presidente dá paso ao seguinte rogo do grupo municipal socialista para que se estude técnicamente unha solución para que a rúa Xoán XXIII non permanezca tan escura.

Plantexa o rogo a **Sra. Gómez Bugallo, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Explica que a motivación do rogo é que se estude técnicamente unha solución para que a rúa Xoán XXIII non permanezca tan oscura. Indica que, debido á ubicación das luminarias que se atopan entre as ramas das árbores da Avenida, a visión é moi

deficiente, concretamente na contorna da entrada do aparcamento público. Así, créase certa sensación de inseguridade, ademáis de supoñer un perigo evidente ao cruzar no paso de peóns situado fronte á biblioteca Anxo Casal.

Posteriormente, toma a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible**.

Primeiramente indica que coincide co diagnóstico anterior. Recoñece que na avenida de Xoán XXIII prodúcense bastantes deficiencias na iluminación debido a que as farolas da marxe dereita en sentido a San Caetano teñen a luminaria á altura da copa das árbores. Indica que esta situación tamén se reproduce noutros puntos da cidade, pondo de manifesto que no deseño das urbanizacións e reurbanizacións debeuse estudar con detalle a visión das especies vexetais e a súa interferencia con outros servizos, como pode ser a propia iluminación. Ademáis, di que dada a cercanía coas vivendas, ás veces provoca bastantes sombras polo que se achegan bastantes rogos e queixas sobre a cuestión. Tamén ocorre coa influencia dos pavimentos, de xeito que algunas especies están deteriorando as beirarrúas.

Anuncia que no momento actual non está programada unha actuación de reurbanización nesta vía. En consecuencia, vaise executar unha poda máis estrita para liberar e dar luz nos vindeiros días, a pesar de estar prevista para marzo.

12.1.2.BNG:

- a) Para mellorar o estado dos aparcadoiros (rex. Entrada 215 de 10 de outubro de 2014)

O **Sr. alcalde-presidente**, seguindo a orde do día, cédelle a palabra ao **Sr.Cela, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**, para que proceda co rogo en base á mellora do estado dos aparcadoiros.

Afirma que este rogo está motivado pola preocupación do BNG respecto ao nulo acondicionamento que teñen algunas parcelas de titularidade municipal xa que actualmente se empregan, por parte da veciñanza de Santiago, como aparcadoiros improvisados a pesar de non estar acondicionados a tal efecto.

Nese sentido, considera que a necesidade de actuar tamén se ve acrecentada por duas razóns principalmente: polo retraso evidente que existe na aplicación dese plan sectorial de aparcadoiros disuasorios aprobado e anunciado a bombo a platillo no ano 2012, sendo o señor alcalde conselleiro do ramo naquela altura; e por unha serie de

obras. Di que pode coincidir cun principio de humanización e de converter aos ciudadáns nos verdadeiros protagonistas da cidade, pero tamén engade que teñen que existir alternativas ao tempo que se suprimen prazas de aparcamento en superficie.

Nese sentido, considera que era importante actuar en tres ámbitos, un deles xa previsto como o de Pontepedriña, debaixo do viaducto de Cornes e outros dous. Resulta posible, afirma, levar a cabo actuacións positivas e, á vez, relativamente pouco custosas.

No caso da parcela colindante co Auditorio, e no ámbito da rúa Altiboa, engade que se debería empregar para a ampliación do conservatorio. Lamenta que a Xunta reiterase en múltiples ocasións que iso non está nos seus plans a curto prazo, xa que, dende o seu punto de vista, é precisa unha actuación por tratarse dunha zona cunha intensa demanda, tanto polo propio conservatorio, como pola estación de buses e os propios edificios administrativos de San Caetano.

No referente á segunda das parcelas, a existente entre o remate do vial de Clara Campoamor e a rúa do Sar, pon de manifesto que está moi demandada por ser unha zona céntrica e incluso por darse cursos da escola de idiomas no Instituto de Sar polas tardes.

En suma, di non propor grandes actuacións, como a que se fixo a carón do centro de saúde de Fontiñas con gran demanda por parte do centro de saúde e polos xulgados, senón, simplemente unha adecentación co fin de que no inverno non teñan que estar nun estado que poida supoñer un perigo para os propios vehículos. Segundo afirma, lograríase tamén unha optimización do espazo.

Para concluir, reitera que se trata de dúas actuacións que se poderían facer con pouco custe para o concello, e que serían moi positivas para a veciñanza.

A continuación, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible.**

Di que no presente rogo proponse o arranxo de tres zonas de aparcamento de superficie que están sendo utilizadas fóra de calquera ordenación, das cales a primeira, a zona de Pontepedriña, xa conta cun proxecto aprobado e coñecido por todos.

Precisa que, a raíz da información trasladada polo BNG fai uns días, investigouse sobre ditas parcelas.

No caso do emprazamento do Sar, trátase dunha parcela que está dentro do ámbito do PXOM cualificado como pu-11, parque da Colexiata do Sar. Dende o punto de vista patrimonial, indica que este emprazamento plantexa problemas, pois a pesar de figurar no catastro como de titularidade municipal, dita titularidade non resulta acreditada para toda a parcela, somentes consta a expropiación dunha parte. Sumado a isto, sinala que dende o punto de vista urbanístico, a cualificación deste espazo pu-11, parque da Colexiata do Sar, a utilización como aparcamento en superficie, non encaixa en ningún dos supostos da LOUGA. Deste xeito, di que o concello difícilmente podería actuar porque non é posible habilitar este espazo como un aparcamento de superficie.

Pola contra, na segunda situación, lembra que se trata dunha parcela situada ao lado do conservatorio e que, tras a segregación e a cesión á Xunta, quedou unha parcela de 7.500 metros cadrados. Este emprazamento, anuncia que non plantexaría problemas dende os puntos de vista patrimonial e urbanístico, pero sí requiriría a aprobación dun acordo plenario de cambio de uso adoptado pola maioría absoluta do pleno, deste xeito autorizaríase o uso de aparcamento ao amparo do previsto no artigo 47.4 da LOUGA. Á vista de toda esta situación e tras unha análise da conveniencia de utilizar ou non toda a parcela, propón estudar a posibilidade de traer ao pleno esta proposta de modificación non definitiva, pero si para un uso de aparcamento. Di que os 7500 metros cadrados poden ser de utilidade tendo en conta que no futuro, o planeamento do concello está a actuar nas rúas de Concheiros e Fontiñas, polo que as prazas de aparcamento veríanse reducidas.

b) Para incorporar ao PEMU un plan para temporais (rex. Entrada 224 de 22 de outubro de 2014):

O Sr. Vilar González, concelleiro do grupo nacionalista do BNG, sinala que o presente rogo é, en realidade, a reiteración dunha demanda que o grupo nacionalista fixo fai ano e medio. Lembra que cando se debatiu no pleno da corporación sobre o plan de emergencias municipal, entendía que era necesaria a inclusión dun plan de actuación específico referido aos temporais. Dende o grupo de goberno, prosegue, respondieron que se tería en consideración pero tras varios meses, non se tivo en conta. En base ao razonamento da pasada proposta, reitera que fai ano e medio, tiña que ver co feito de que o plan territorial, o plan galego de emergencias, sinalaba catro riscos específicos para a nosa cidade: incendios forestais, inundacións, transportes de mercadorías perigosas, e temporais. En consecuencia, parécelle coherente que, dentro dos plans específicos do plan de emergencias municipal, tamén se contemple o cuarto plan

referido aos temporais. Así, dada a experiencia dos últimos anos e deste mesmo mes de outono co primeiro temporal, é posible observar os danos causados.

Polo tanto, demanda un plan que serva de instrumento para a prevención e recomenda revisar outras cuestiós referidas ao PEMMU xa que, ao seu parecer, quedaron un pouco no aire, pero insiste en que o rogo específico é sobre o plan de temporais.

Para respostar, en nome do Grupo de Goberno, ten a palabra o **Sr. Sánchez-Brunete, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade.**

Anuncia que van acoller a suxestión do BNG, pero advirte que non todos os temporais teñen que dar a activación do PEMU. Clarexa que esta solo se activará cando o temporal acade unha intensidade da que poidan derivar unhas situacións catastróficas. Non entanto, recoñece que calquera temporal debe ser contemplado e valorado, polo que vai considerar a sistematización dalgunhas medidas, operativas ou preventivas, para que acaben desembocando nun plan específico.

c) Para que se aplique a bonificación dos composteiros: (rex. Entrada 228 de 24 de outubro e 2014):

A **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, afirma que a redor da metade da masa do lixo que se xera nos fogares é materia orgánica susceptible de ser transformada en composto, un producto útil para a mellora da fertilidade dos solos que pode obterse sempre despois da recollida selectiva en plantas de nivel comarcal e local, ou a través de composteiros domiciliarios.

Di que o Concello de Santiago, que no seu momento optou pola incineración, pois o lixo xestionouse a través de SOGAMA, desenvolveu tamén un programa de promoción de compostaxe domiciliaria distribuíndo, dende o ano 2003, ao redor de cincocentos composteiros cos que reducir o lixo a entregar polo concello a SOGAMA, e producir compost.

A súa utilización, engade, ía acompañada dunha redución do 50% na taxa do lixo tal e como se recolle na ordenanza 3.16. Porén, dende fai uns anos, o concello non atende ás solicitudes de bonificación sen que se coñezan más razóns que as manifestadas polo goberno municipal no ano 2012 ("falta de persoal para a comprobación da utilización adecuada dos composteiros"), en resposta a unha pregunta do BNG

Indica que algunas das persoas afectadas dirixíronse á comisión de queixas por non se lle aplicar a redución da taxa, mais despois de dezaoito meses, a pesar de que son tres os máximos previstos no regulamento, ningunha delas recibiu resposta.

Di que o BNG, facéndose eco do malestar que a situación xera e entendendo que é un derecho que asiste á cidadanía, roga a aplicación da bonificación da taxa do lixo a todos os domicilios solicitantes que estean a elaborar compost coa fracción orgánica dos residuos que xeran.

Para respostar, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de ÁREA de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Recoñece que o programa de entrega de composteiros comezou no ano 2003, e indica que coa instalación dun total de 506, a bonificación alcanza o 50%. Foise tramitando con diferentes solicitudes, e indica que 70 foi o número máximo de solicitudes nun ano, tendo o pasado un total de 40.

Manifesta que as solicitudes ata o ano 2013 están todas resoltas de forma positiva, a pesar de que a tramitación nos anos 12 e 13 acumulou moito retraso, pois os servizos de inspección teñen dificultades para comprobar o bo uso dos composteiros por parte dos usuarios. No tocante ás solicitudes do 2014, informa que dende o departamento de medio ambiente sosteñen que estarán todas resoltas a mediados de novembro.

Observa que hai unha gran diferenza entre as bonificacións solicitadas e os composteiros instalados debido a dúas cuestións: os composteiros están todos no rural, e no rural non todos teñen servizos. Deste xeito, aqueles que non teñen servizos de abastecemento de auga, tampoco pagan taxa de lixo, polo que non ten sentido unha bonificación sobre algo que non pagan.

Independentemente diso, informa de que no rural a recollida alterna de lixo ten unha bonificación do 40%. É dicir, a estimación do importe que pode ser bonificado ascende a uns 22 euros/anuais, provocando que moitas persoas non se molesten en pedir a bonificación.

En calquera caso, considera de gran interese esta actuación porque reduce a factura que o concello paga a SOGAMA. Polo tanto, anuncia que están a falar con ADEGA e este ano farán unha nova campaña de composteiros ofertando 100 máis.

12.2. Preguntas:

12.2.1. BNG (para ser contestadas por escrito ao abeiro do disposto no artigo 107 do Regulamento Orgánico do Pleno).-

1.-Rex de entrada nº 222 de 16 de outubro de 2014: reitera pregunta formulada o día 30 de xuño, nº de rexistro 137 sobre “cale son as previsións temporais que manexa o goberno municipal para a construción da pista ao cemiterio de Aríns”.

2.-Rex de entrada nº 228 de 24 de outubro de 2014: Que en todos os domicilios solicitantes que reúnan os requisitos para a redución da taxa de recollida de lixo se lles aplique.

3.-Rex de entrada nº 233 de 28 de outubro de 2014: ¿Ten previsto o goberno municipal solicitar que se desmonte a actual torre de alta tensión existente na zona Plataforma veciñal Coira contra a Alta Tensión)?

12.2.2. PSdeG-PSOE (para ser contestadas por escrito ó abeiro do dsiposto no artigo 107 do Regulamento Orgánico do Pleno).-

1.-Rex de entrada nº 207 de 1 de outubro de 2014. ¿está a empresa CLECE AS cumprindo coas melloras ofertadas no proceso de licitación. Solicítase copia do informe técnico ó respecto. No pasado mes de xullo iniciouse um expediente sancionador a esta empresa, ¿cal é a situación deste expediente a data de hoxe?.

2.-Rex de entrada nº 208 de 1 de outubro de 2014., ¿ a qué están dedicando os pisos propiedade do Concello que o goberno socialista reservaba para ocupar temporalmente com aqueles casos considerados de emergencia social?.¿Puxo o goberno municipal a disposición da familia desafiuizada de Aríns algunha destas vivendas?

3.-Rex de entrada nº 210 de 1 de outubro de 2014: ¿ten coñecemento o departamento correspondente desta avería (bolardo de acceso pola rua da Algalia de Abaixo no Casco Histórico)? Se a resposta á afirmativa, por qué e desde cando permanece averiado o bolardo de acceso ao Casco Histórico a través da rua da Algalia de Abaixo?. ¿Ten pensado o goberno darlle solución a este problema?

13.-Toma en consideración de mociones presentadas polos grupos municipais

(Art. 85 do Regulamento Orgánico do Pleno e art. 91. 4 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais)

13.1. MOCIÓN CONXUNTA GRUPOS MUNICIPAIS PP, PSdeG-PSOE E BNG sobre colocación dunha placa conmemorativa do centenario do seu paramento, na estatua erixida no seu momento na súa homenaxe.

Dase conta e lectura ó Pleno da Corporación dunha moción conxunta presentada por los tres grupos políticos con representación municipal con data 31 de outubro de 2014, rex nº 237,e que é do seguinte tenor literal:

“Corporacións e asociacións desta Cidade, nomeadamente o Colexio de Avogados, a Cámara de Comercio, a Real Sociedade Económica de Amigos do País e o Ateneo veñen de propor que o Concello de Santiago de Compostela, como lembranza e recoñecemento a Eugenio Montero Ríos-unha das figuras mais relevantes da historia de Santiago de Compostela-acorde poñer unha placa, conmemorativa do centenario do seu pasamento, na estatuta erixida no seu momento na súa homenaxe”

Trala exposición o **Sr.alcalde-presidente** da paso á votación da urxencia co seguinte resultado:

Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade dos seus membros a urxencia da moción presentada polos tres grupo municipais sobre sobre **colocación dunha placa conmemorativa do centenario do seu pasamento, na estatua erixida no seu momento na súa homenaxe**, procedendo en consecuencia a entrar no debate do fondo do asunto.

De seguido, o **Sr.alcalde-presidente** céelle a palabra ao **Sr. Sánchez-Brunete, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade**, para dar lectura á moción consensuada.

En primeiro lugar sinala que recentemente recibiron unha solicitude, un pedimento asinado por varias corporacións e asociacións desta cidade, nomeadamente o Colexio de Avogados, a Cámara de Comercio, a Real Sociedade Económica de Amigos do País e do Ateneo, propoñendo que, con motivo do centenario do pasamento de Eugenio Montero Ríos, se instale unha placa na estatua que está na Praza da Universidade.

Di que o alcalde tivo interese, dende o primeiro momento, en que todos os grupos políticos asinaran isto. En consecuencia, déuselle traslado aos outros dous grupos da corporación, que non puxeron ningún tipo de impedimento xa que pensa que todos concordan en que Compostela iniciou moi mal o século XIX, rematou ben o século XIX e comezou mellor o século XX gracias a Montero Ríos. Ademáis, engade, todos recoñecen as aportacións que fixo este político ilustre na monumentalización da cidade, polo que con esta iniciativa que xurde da propia sociedade civil, abondan nunha idea moi europea recollida no seguinte verso: "que un dos rasgos identificativos da cultura europea é de poñerlle as rúas nomes de persoeiros ilustres ou por exemplo adicarlles estatuas". Polo tanto, pensa que é unha oportunidade de que a xente, sobre todo a máis nova, teña a oportunidade de coñecer unha figura cunha biografía rica, e de coñecer un tempo políticamente interesante.

Non tendo lugar máis intervencións e sometido o fondo do asunto a votación ordinaria ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros aprobar a moción de urxencia presentada polos tres grupos municipais sobre sobre **colocación dunha placa conmemorativa do centenario do seu paramento, na estatua erixida no seu momento na súa homenaxe**, quedando convertida en acordo en todos os seus termos.

BNG:

1.- Contra a aplicación do tratado Transatlántico e Comercio e Investimento (rex entrada nº 216 de 13 de outubro de 2014).

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, contra a aplicación do tratado transatlántico de comercio e investimento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea (UE) e os Estados Unidos de América (EEUU) están negociando, de costas á ciudadanía e ás persoas e institucións que a representan (parlamentos

nacionais, estatais e europeo) un amplio acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos sociais, laborais, ambientais e de saúde, antepondo o interese comercial de investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral. O tratado estase a negociar de xeito secreto e, na actualidade, carecemos de documentos oficiais (máis alá de filtracións) sobre o contido total das negociacións.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación destes ás ETN, así como as compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a habilidade dos/as representantes elixidos/as para administraren libremente as súas comunidades locais e promocionaren a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social e ignoran calquera lexislación, continental, estatal, nacional, rexional ou local. As comunidades locais atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos aos acordos e ás políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locais para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego locais. Ao mesmo tempo, promove instrumentos non democráticos que garantan os beneficios económicos das empresas transnacionais, o que supón unha cesión da soberanía aos poderes económicos.

Por iso as administracións locais, tanto por seren afectadas directas ao ser as canles axeitadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, como por promover na colectividade local o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este Acordo, deben pronunciarse sobre o seu rexeitamento.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

- “1.-Declarar este Concello como Município insubmiso e libre do TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidaridade e redistribución social.*
- 2.-Solicitar do Ministerio de Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos servizos básicos.*

3.-Instar ao Ministerio de Economia a que solicite que se faga pública toda a documentación em relación ao tratado, con base no Regualmento 1049/201 da Unión Europea.

4.-Solicitar do Ministerio de Economia a suspensión das negociacións do TTIP”

Polo **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**, procédese a defender a urxencia da moción nos seguintes termos:

Afirma que tanto a Unión Europea como os Estados Unidos de Norteamérica están a negociar, de costas á ciudadanía e ás institucións que a representan (parlamentos nacionais, estatais, ou o propio Parlamento Europeo), un amplio acordo de liberalización de comercio e de investimentos que representa, dende o seu punto de vista, un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos sociais, laborais, ambientais e de saúde. Polo tanto, considera que se está a antepoñer o interese comercial de investidores e empresas transnacionais ao interese xeral.

Até fai poucas semanas, afirma, estívose a negociar ese tratado de xeito case segredo, pois só se coñecían os avances do seu contido mediante filtracións.

Hoxe, xa de xeito oficial, di que a Unión Europea ten desclasificadas parte desas negociacións, confirmando así os peores agoiros.

Considera que esta situación provoca que as leis do comercio primen sobre calquera outra consideración social ignorando toda legislación continental, estatal, nacional, rexional ou local.

As comunidades locais atópanse, consecuentemente, dominadas por axustes estruturais restritivos debido aos acordos e ás políticas de libre comercio e de protección do investidor.

Con esta lóxica, parécelle que o obxectivo é desmantelar os servizos sociais e suprimir a liberdade dos poderes locais para fornecelos e satisfacer as necesidades sociais da súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial, de fomento da industria e de emprego local.

Ao mesmo tempo, segundo di, promóvense instrumentos non democráticos que garanten os beneficios económicos das empresas transnacionais, provocando a cesión da soberanía aos poderes económicos.

Engade que por iso as administracións locais, tanto por seren afectadas directas ao ser as canles axeitadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, como por promover na colectividade local o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este acordo, deben pronunciarse sobre o seu rexeitamento.

Por todo isto, indica que dende o grupo municipal do BNG o que solicitan ao Pleno da Corporación, son fundamentalmente tres cousas:

En primeiro lugar, declarar este concello como Municipio insubmiso e libre do tratado de libre comercio, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.

En segundo lugar, solicitar do Ministerio de Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos servizos básicos.

E, en terceiro lugar, solicitar ao Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do tratado de libre Comercio.

Trala exposición do Sr. Cela Díaz, o **Sr.alcalde-presidente** da paso á votación da urxencia co seguinte resultado::

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 13 PP

Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago **Contra a aplicación do tratado Transatlántico e Comercio e Investimento**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Acto seguido o **Sr.alcalde-presidente** da paso á seguinte moción presentada polo **grupo municipal do PSdeG-PSOE**:

3. Rregistro de entrada do día 28 de outubro, núm. 236, para solicitar a posta en funcionamento do parking público subterráneo da praza Marcial Villamor colindante coa rúa Olvido.

O PE1 establece diversos ámbitos de estudio de detalle nos que case todos teñen pequenas obtencións de espazo público moi interesantes a nivel de barrio, como foi o caso do ámbito da antiga Rúa do Olvido. Neste ámbito, ademais prevíase un aparcamento público que comprendía unha pequena parte de espazo público de obtención da Unidade de Castrón Douro (14-U-14 do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica), desenvolta a comezos da década do 2000, e o resto pendente de obter dos propietarios do descampado preexistente, froito do desenvolvemento urbanístico previo ó PXOU do ano 1989.

Co desenvolvemento desta unidade ca que se obtén unha parte, execútase o acceso común ó parking privado (actualmente en uso) e ó público (sen executar daquela) co correspondente gasto de comunidade compartido.

O interese por resolver o tremendo estado dese espazo e do aparcamento previsto, levou ó Concello a obter o resto de espazo pendente a través dunha permuta cos antigos propietarios dos terreos. Ademais, modificouse a ordenanza de axudas para rehabilitar as edificacións non catalogadas de todo este ámbito.

No ano 2009 inclúese o ámbito no Fondo Estatal de Inversión Local (FIL) cun investimento de 1.000.000 de euros, o que permitiu renovar completamente esta zona da cidade, recuperando o carácter peonil da rúa, limitando o acceso e a saída de vehículos na parte superior das rúas dos Pexegos, para evitar un fluxo de circulación continua que impedía camiñar dende a praza ata Belvís. Esta nova praza conta con 15 postos de aparcamento en superficie e case 30 subterráneas.

Desde a inauguración do parque no ano 2010, estas prazas subterráneas de aparcamento están en proceso de inclusión no Rexistro da Propiedade como de propiedade municipal e seguen pechadas dende entón.

Por todo anteriormente exposto SOLICITAMOS

A adecuada xestión de dito aparcamento público, co remate do proceso de inclusión no rexistro da propiedade, e a súa concesión a moitos anos a veciños en razón de proximidade e condicións sociais, o cal posibilitaría que o Concello deixe de ter que ocuparse de comunidade e mantemento e a recuperación do investimento para seguir encadeando outras actuacións similares de construcción de pequenos aparcamentos públicos, na contorna da Cidade Histórica que brinden un gran servizo ós veciños dos barrios.

A Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, manifesta que o plan especial 1 establece diversos ámbitos de estudio de detalle nos que case todos teñen pequenas obtencións de espazo público moi interesantes a nivel de barrio, como foi o caso do ámbito da antiga Rúa do Olvido, onde estaba a casa encantada no Castrón Douro fai quince anos.

Neste ámbito, di que se prevía un aparcamento público que comprendía unha pequena parte de espazo público de obtención da unidade de Castrón Douro, a coñecida no Plan Especial, como U-14 e desenvolta a comezos da década dos anos 2000, e o resto, pendente de obter dos propietarios do descampado preexistente, froito do desenvolvimento urbanístico previo ao plan xeral de ordenación municipal do ano 89.

Segundo apunta, o desenvolvimento desta unidade coa que se obtén unha parte dese solo execútase o acceso común ao parking privado, actualmente en uso, e ao público que estaba sen executar daquela, co correspondente gasto de comunidade compartido.

Lembra o interese por resolver o tremendo estado dese espazo, a imaxe urbana naquel momento desoladora, o descampado cheo de coches e de lixo constante, e o aparcamento previsto. En consecuencia, o concello dispúxose a obter o resto de espazo pendente a través dunha permuta cos antigos propietarios dos terreos, de xeito que se permutaron esas parcelas, por patrimonio municipal, na zona de Pontepedriña, claramente en Cornes.

Así mesmo recorda que se modificou a ordenanza de axudas para rehabilitar as numerosas edificacións non catalogadas en todo este ámbito. Coa obra do parque de Belvís melloráronse as zonas de acceso ao mesmo, e tódalas zonas de contacto.

No ano 2009, manifesta, incluiuse o ámbito no Fondo Estatal de Inversión Local, coñecido com FIL, executado e dirixido nese momento pola concelleira Olga Pedreira, cun investimento de 1.000.000 de euros. Esto di que permitiu renovar completamente toda esta zona da cidade, recuperando o carácter peonil da rúa e limitando o acceso e a saída de vehículos na parte superior das rúas dos Pexegos, para evitar un fluxo de circulación contínua que impedía camiñar dende a praza ata Belvís.

Esta nova praza, sinala, conta cun parque infantil, cun aparcamento en superficie de 15 prazas e outro subterráneo de case 30, que se contemplou como unha primeira fase para crear un parking público xa previsto no Plan Especial 1.

A pesar destes cambios, pensa que se logrou conservar o carácter tradicional de toda esta zona, as beirarrúas de formigón convertérónse en lousas de pedra e renováronse todos os servizos existentes, conectándose así, Belvís co Ensanche a través de toda esta renovación. O muro das antigas mercedarias restaurouse e reduciuse a súa altura para reducir o impacto sobre as vivendas da rúa do Olvido.

Desde a inauguración de todo este ámbito, de toda a obra no ano 2010, as prazas subterráneas deste aparcamento público están en proceso de inclusión no Rexistro da Propiedade como de propiedade municipal, e seguen pechadas dende entón.

Por todo o explicado con anterioridade, pide a adecuada xestión de dito aparcamento público co remate do proceso de inclusión no rexistro da propiedade, e a súa concesión a moitos anos a veciños en razón de proximidade e condicións sociais. Considera que así posibilitaríase que o Concello deixase de preocuparse da comunidade, do mantemento e da recuperación do investimento, para seguir encadeando outras actuacións similares de construcción de pequenos aparcamentos públicos, na contorna da Cidade Histórica, que brinden un gran servizo aos veciños dos barrios.

Trala exposición da Sra. Rosón Ferreiro, o Sr. alcalde-presidente da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 13 PP

Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago **para solicitar a posta en funcionamento do parking público subterráneo da praza Marcial Villamor colindante coa rúa Olvido**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do turno de explicación do voto, a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible**, argumenta que xa está culminado o proceso de inscrición no Rexistro da Propiedade e que nos próximos días estará rematado. Anuncia tamén que se sacará un concurso, non a largo prazo, para que as prazas poidan rotar segundo as necesidades e os recursos das familias.

A continuación se retoma a consideración das mocións presentadas polo BNG no seguinte orde:

(Auséntase a Sra. Rosón Ferreiro que non volve a incorporarse ao Pleno)

2.- Para promover a constitución e dinamización dos Consellos Municipais. (rex entrada nº 223 de 21 de outubro de 2014).

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para promover a constitución e dinamización dos Consellos Municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Consellos municipais son órganos complementarios, creados polo pleno, cuxa finalidade é canalizar a participación da ciudadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais. Desenvolven función de informe, ou de proposta, en relación coas iniciativas do concello relativas ao sector de actividade ao que corresponde cada un deles.

Na sesión plenaria do 4 de decembro de 1998 aprobouse, atendendo ao pedimento de diferentes entidades asociativas veciñais e do BNG, a división do Consello de Participación Cidadá en dous órganos de participación: o Consello de Relacións Veciñais e o Consello Económico e Social. No Consello de Relacións Veciñais a participación social sería exercida a través das asociacións de veciños, mentres o Consello Económico e Social estaba orientado á promoción económica, social e do emprego.

Os consellos sectoriais deben ser unha ferramenta do Concello para fomentar a participación cidadá e escoitar e atender as peticións e propostas dos diferentes colectivos sociais. No entanto, no mandato actual só foi convocado o Consello de Relación veciñais e a convocatoria para a creación do novo Consello Sectorial da Familia, Benestar Social e Igualdade. O BNG xa trouxo a este pleno en xullo de 2013 a necesidade de convocar, debida a gravidade de asuntos relacionados co sector, o Consello Municipal de Educación, proposta que foi rexeitada.

Este modelo actual de non participación dista moito do que promoveu, propondo a creación da maioría dos consellos municipais creados neste Concello, e promove e defende o BNG. Foron numerosos os colectivos que nos últimos anos se dirixiron á nosa

formación para a través dela poder intervir nos plenos porque era a única canle de participación posíbel.

A non constitución e convocatoria dos consellos pon de manifesto a paralización e desleixo deste goberno municipal. O simple feito de que estes órganos non se reúnan implica que as iniciativas e reivindicacións da cidadanía e dos sectores implicados nos desenvolvemento da cidade non son escoitados nin tidos en conta e isto reflíctese na falta crecemento no sentido máis amplo e na perda de peso de Santiago como cidade de referencia a todos os niveis.

Por todo o exposto anteriormente, propoñemos o seguinte

ACORDO

“O Concello de Santiago promoverá a constitución e dinamización dos Consellos Municipais como órganos de consulta e debate”

Pola **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, procédese a defender a urxencia da moción nos seguintes termos:

Afirma que a participación cidadá, tal e como consta en distintos textos normativos de ámbito internacional, estatal, autonómico e local, é parte inseparable da sociedade democrática, ademais de ser peza clave para a prevención e solución de problemas municipais.

Tamén sinala que o Concello de Santiago conta dende o ano 99 cun regulamento de participación cidadá, que establece distintos mecanismos para propiciarla e fomentala, entre os que se inclúen e destacan os consellos sectoriais.

Deste Regulamento di que emanou, en primeiro lugar, a creación dun Consello Económico e Social e, posteriormente, un Consello de Relacións Veciñais. Moitos deles, engade, promovidos polo BNG na súa etapa de goberno, na que se crearon consellos para distintos ámbitos até conformar un conxunto de catorce, operativos durante o goberno bipartito con diferenzas na eficiencia e na regularidade. Esta situación provocou que o Partido Popular, daquela na oposición, presentase distintas iniciativas requerindo, entre outras cousas, a execución da periodicidade prevista nos respectivos regulamentos.

A chegada do grupo popular ao goberno municipal, afirma, significou na práctica a desaparición dos Consellos de Participación.

Constituíuse o de Relacións Veciñais que se reuniu en varias ocasións, e mesmo se elexiron novos representantes. Pola contra, apunta que despois dasas seleccións, non houbo máis reunións que a de constitución cos novos membros, celebrada en marzo deste ano. Dende entón tras más de seis meses, carencia máxima prevista, advirte que non houbo convocatorias.

O de servizos sociais, engade, cambiou de nome, de composición e de Regulamento. Clarexa que o PP na oposición tivera moito interese en constituir un Consello exclusivo de persoas mayores, mais na súa etapa de goberno disolveuno para volvelo a incluír no de servizos sociais pasándose a chamar, de familia, benestar social e igualdade. Manifesta que o seu regulamento publicouse no BOP do 13 de marzo de 2012, e que en xuño dese mesmo ano tivo lugar, sendo concelleira de Área a Sra. Prado, o que posteriormente se chamou reunión preparatoria da súa constitución. En outubro do ano 2013 seguinte, 16 meses despois, sendo concelleira a Sra. Castelao, convocouse para a súa constitución, pero lamenta que non se se volvera a reunir dende entón.

Apunta que foi o BNG quen trouxo ao pleno municipal de xullo de 2013 unha iniciativa para a constitución e dinamización do Consello Municipal de Educación, e que a resposta do goberno foi que estaba en fase de elección de representantes dos distintos sectores e que en breve se constituiría. Sen embargo, o curso 2013-2014 rematou e o 2014-2015 xa empezou sen que se constituíra.

Advirte que tampouco se chegaron a constituir os outros oito consellos: medio ambiente, saúde, deportes e cultura, ainda presentes na normativa municipal. Dado que restan sete meses escasos para que remate o actual mandato, entende de urxencia o carácter desta moción que pretende a constitución e dinamización dos consellos sectoriais, previstos na normativa vixente, porque a normalidade democrática implica vías de participación respecto ás normativas, tanto noutras materias como nesta.

Trala exposición da Sra. Cienfuegos López, o **Sr.alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (8 PSdeG-PSOE, 3 BNG)
Votos en contra: 13 PP
Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago **Para promover a**

constitución e dinamización dos Consellos Municipais, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do turno de explicación do voto, a **Sra. Gómez Bugallo, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, comparte plenamente os formulamentos desta moción presentada polo BNG por entender que non só se debe gobernar para, tamén hai que gobernar con. É dicir, apostar por dar voz aos distintos actores que compoñen a sociedade compostelana. Di que as hemerotecas ou as actas dos distintos plenos dos últimos anos de governo de progreso deste concello poñen de manifesto as durísimas intervencións do Partido Popular, naquel momento na oposición, e concretamente da Sra. Prado, nas que reprobaban ao governo convocar con pouca asiduidade os consellos municipais. Alega que o governo do Partido Popular refundou, tal e como manifestou anteriormente a Sra. Cienfuegos, catro consellos nun, o de persoas maiores, o da muller, o de inmigración-emigración e o de servizos sociais, convocándoos unha soa vez.

En contraposición, clarexa, a pesar de que durante o último governo socialista convocabase un mínimo de entre cinco e seis veces ao ano, ao PP parecía lle pouco.

Dada a mala situación económica e social, moi distinta á daquela época, resultante incomprensible que non se convoquen. Por iso, pensa que aos distintos gobernos do Partido Popular que pasaron por aquí nos últimos tres anos, pouco ou nada lles importa o que lle ocurra á ciudadanía.

Finalmente, sinala a importancia do talante e das ganás de promover o consenso para sacar a esta cidade da parálise á que o PP a ten sometida. Ademais, recoméndalle saír das fotos e deixar traballar aos distintos consellos municipais.

Trala intervención da Sra. Gómez Bugallo, o Sr. Alcalde-Presidente cédelle a palabra ó **Sr. Rosende Rico, concelleiro do grupo municipal do PP**, co fin de que explique o sentido do voto.

Salienta que xa se están a levar a cabo os trámites necesarios para realizar as convocatorias daqueles sectores que estiman necesarios, cunha vocación máis participativa, pois recoñece que uns consellos teñen máis transcendencia e vocación de participación que outros. Por exemplo, sinala que no lado máis dinámico e activo está o de Relacións Veciñais cuxa última reunión foi o 26 de marzo deste ano xa que o artigo 22 do Regulamento de participación cidadá, establece que o Consello de Relacións Veciñais debe reunirse ordinariamente unha vez semestralmente, por

convocatoria do Presidente ou cando o solicite un terzo dos seus membros, en base ao artigo 9.1 do seu Regulamento de réxime interno.

Por outra banda, di que o Consello Municipal de Educación, creado fai moitos anos polos agora grupos da oposición, non celebrou ningunha reunión, así resultalde sorprendente que a soliciten neste momento. Do mesmo xeito, indica que a situación do Consello Económico e Social tampouco celebrou reunións pero manifesta que a concelleira de economía do concello sí mantén un contacto constante co tecido económico da cidade.

Finalmente, en base ao consello sectorial de familia, benestar e igualdade, adianta que a concelleira de Asuntos Sociais xa esta a traballar no contido da próxima reunión deste órgano coa previsión de poder convocalo no mes de novembro.

3.- Contra a violencia machista (rex entrada nº 232 de 28 de outubro de 2014).

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, contra a violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia machista é unha realidade que golpea día tras día as mulleres deste país. O 24 de marzo deste mesmo ano a Secretaría xeral de Igualdade facía público o Informe anual de seguimento da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que deixaba uns datos demoledores e que recollía as medidas implementadas pola Xunta de Galiza, que esta xulga oportunas cando todos os indicadores sinalan que son claramente insuficientes. Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestábel que non podemos continuar a contar o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e a garantía de se respectar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Para alén desta consideración, levan causado un forte escándalo social as declaracións humillantes e vexatorias para as mulleres que diferentes cargos institucionais realizan de maneira impune, contribuíndo a crear un clima de indefensión e de inseguranza que nada axuda a crear a conciencia necesaria de que a violencia machista só pode merecer a tolerancia cero desde institucións e organizacións políticas.

O feito de que ano tras ano as administracións non sexan capaces de frear a violencia contra as mulleres e de crear conciencia na sociedade para facer efectiva a prevención e/ou a resposta inmediata, indigna amplos sectores da cidadanía que constatan inexistencia de medidas reais que cheguen a todos os ámbitos da vida e que sirvan, dunha vez por todas, para demostrar que o compromiso coa loita contra o machismo é unha prioridade política absoluta.

É responsabilidade do conxunto da cidadanía e, en particular, das persoas con responsabilidades políticas, garantir o cumprimento das leis orgánica e galega, protexer as vítimas da violencia machista e as/ao menores ao seu cargo, exixir que os medios de comunicación non contribúan a crear e manter prejuízos sexistas, traballar para que a comunidade educativa eduque verdadeiramente en igualdade e denunciar todas e cada unha das agresións que as mulleres sufren no día a día.

Co obxectivo de exercer este compromiso día a día, no marco da celebración todos os días dos contidos que só parecen existir arredor da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia contra as Mulleres, propoñemos o seguinte

ACORDO

- “1.-Trasladarlle á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da Lei Galega para a prevención e o tratamento integral da violência de xénero.*
- 2.-Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violência de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores e elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violência de xénero.*
- 3.-Exixir o cumprimento da normativa em publicidade sexista, chegando a romper patrocínios com aqueles medios que o incumpriren.”*

Pola Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG, procédese a defender a urxencia da moción nos seguintes termos:

Considera que non se pode continuar con todo o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen ao conxunto da cidadanía e trasladaren ás mulleres un verdadeiro apoio, e a garantía de respetar o seu dereito a vivir dignamente, sen violencia.

Di que o feito de que ano tras ano as administracións non sexan capaces de frear a violencia contra as mulleres, e de crear conciencia na sociedade para facer efectiva a prevención e/ou a resposta inmediata, indigna a amplos sectores da cidadanía pois constatan a inexistencia de medidas reais que cheguen a todos os ámbitos da vida e que sirvan, dunha vez por todas, para demostrar que o compromiso coa loita contra o machismo é unha prioridade política absoluta.

Co obxectivo de renovar o compromiso cos contidos da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia contra as Mulleres, solicita que se acepte, para o seu debate, esta moción que propón que a Corporación acorde, por unha parte trasladar á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; de xeito que se faciliten as axudas económicas de apoio a mulleres que sufren violencia de xénero, eliminando incompatibilidades, mellorando o acceso a elas, e facéndoas efectivas nun prazo mínimo e ampliando a súa duración. E, por outra banda, apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver campañas de concienciación.

Por último, pide o cumprimento da normativa en publicidade sexista e a elaboración de plans de formación para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia.

Trala exposición da Sra. Cienfuegos López, o **Sr.alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (8 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 13 PP

Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago **Contra a violencia machista**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do **turno de explicación do voto**, a **Sra. González Vázquez, concelleira do grupo municipal do PP**, en primeiro lugar, expresa a preocupación pola violencia de xénero e súa solidariedade con respecto ás vítimas. Ao mesmo tempo, entende que esta moción ten más que ver coa proximidade do vindeiro día 25 de novembro, no que se conmemora o do día internacional contra a violencia de xénero, que coas

demandas que se reflictan, dado que o artigo 39 da Lei galega para a prevención e tratamiento integral da violencia de xénero, establece unha prestación periódica de axuda ás vítimas. Apunta que dita lei, aprobouse durante o goberno bipartito e continúa en vigor sen cambio nos requisitos de acceso. De feito, engade, a Xunta de Galicia aumentou o orzamento destinado ao seu cumprimento para ter más mulleres beneficiarias, e o período de concesión modifícase dende 1 ano e 1 mes, que era o tempo que tardaba o Bloque Nacionalista Galego cando gobernaba a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia nos anos que lle correspondeu, a 4 meses.

Así mesmo, afirma que tanto dende a Xunta, como dende o Concello ou dende o Goberno Central, trabállase en colaboración coas asociacións de mulleres para artellar unha verdadeira rede de apoio ás mulleres vítimas e aos seus fillos e fillas.

Para rematar, fai unha mención á recente apertura do centro de recuperación integral para mulleres víctimas de violencia de xénero en Santiago de Compostela. Di que comezou a súa actividade fai un par de meses, e que suporá un gran avance na recuperación e posta en marcha dun traballo a favor dunha vida nova, en paz e en liberdade para as mulleres vítimas da violencia de xénero.

PSDEG-PSOE:

1.-Relativa ao realoxo dos veciños de San Ignacio de Loyola. (rex entrada nº 234 de 28 de outubro de 2014).

"Na campaña electoral de 2011 o candidato do PP á alcaldía de Santiago, Gerardo Conde Roa, acompañado polo Conselleiro de Política Territorial da Xunta de Galicia, Agustín Hernández, prometeron e anunciaron unha solución para a situación dos veciños e veciñas de San Ignacio de Loyola; o IGVS realoxaría a 27 familias no SUNP 13 do Castiñeiriño e tres no Restollal e irían con cargo aos orzamentos de 2012 e 2013.

Tendo coñecemento do lamentable estado no que se atopan as vivendas e á vista de que transcorridos máis de tres anos desde esa promesa sen que o goberno municipal nin por suposto o responsable do IGVS ata hai uns meses fixeran absolutamente nada para iniciar o procedemento de realoxamento. Tendo en conta que a USC vén de anunciar que a día de hoxe non descarta a utilización destes terreos para a construción da facultade de Medicina, parece que non é inminente poder liberar aos seus propietarios da expropiación como anunciou o alcalde aos medios de comunicación.

Por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte

MOCIÓN:

1.- Que se inicien de forma inmediata conversas coa USC e co IGVS para acordar unha solución para os propietarios das vivendas de San Ignacio de Loyola e que se retomen as negociacións para asinar o convenio pendente coa Universidade compostelá.

2.- Que o IGVS se comprometa formalmente á construción das vivendas en canto se resolva a permuta anteriormente mencionada.

1.-Que se inicen de forma inmediata conversas coa USC e o IGVS para acordar unha solución para os propietarios das vivendas de San Ignácio de Loyola e que se retomen as negociaciacións para asinar o convenio pendente coa Universidade Compostelá.

2.-Que o IGVS se comprometa formalmente á construción das vivendas em canto se resolva a permuta anteriormente mencionada”

Polo Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, procédese a defender a urxencia da devandita moción:

Recorda que na campaña electoral de 2011 o candidato do PP á alcaldía de Santiago, o Sr. Conde Roa, acompañado polo Conselleiro de Política Territorial da Xunta de Galicia, o Sr. Hernández, prometeron e anunciaron unha solución para a situación dos veciños e veciñas de San Ignacio de Loyola; o IGVS realoxaría a 27 familias no SUNP 13 do Castiñeiriño e tres no Restollal e irían con cargo aos orzamentos de 2012 e 2013.

Tendo coñecemento do lamentable estado no que se atopan as vivendas, e á vista de que transcorreron tres anos e medio desde esa promesa sen que o goberno municipal nin o responsable do IGVS, ata hai uns meses, fixeran absolutamente nada para iniciar o procedemento de realxo. Ademáis, tendo en conta que a USC vén de anunciar que a día de hoxe non descarta a utilización destes terreos para a construcción da facultade de Medicina, parécelle que non é inminente poder liberar aos seus propietarios da expropiación, a pesar de que así o anunciou o Sr. Alcalde-Presidente nos medios de comunicación.

Por todo isto, di que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte moción

Que se inicien de forma inmediata conversas coa USC e co IGVS para acordar unha solución para os propietarios das vivendas de San Ignacio de Loyola e que se retomen as negociacións para asinar o convenio pendente coa Universidade compostelá.

Que o IGVS se comprometa formalmente á construción das vivendas en canto se resolva a permuta anteriormente mencionada

Trala exposición do Sr. Reyes Santiás, o **Sr.alcalde-presidente** da paso á votación da urxencia co seguinte resultado:.

Votos a favor: 11 (8 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 13 PP

Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Santiago **relativa ao realoxo dos veciños de San Ignacio de Loyola**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do turno de explicación do voto, a **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, considera que a veciñanza de San Ignacio de Loyola require unha solución á súa situación pero di non compartir a solución que se propón na moción plantexada polo grupo socialista, por entender que neste momento hai aberta a posibilidade de que a Universidade non faga uso deses terreos. Así, propón liberalos desa característica de expropiabilidade para que puidesen permanecer e facer os arranxos necesarios nas súas vivendas.

De seguido, intervén a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible**, co fin de explicar o sentido do voto.

Di que o goberno municipal reuniese a semana pasada cos veciños que demandan que se poida liberar a súa situación. Deste xeito, indica que o goberno comprometeuse a, nun breve prazo, facer unha folla de ruta para poder camiñar neste sentido, polo que non entende o sentido da moción.

2.-Instando ao goberno de España a garantir e protexer o servizo público que presta a S.A.E Correos e Telégrafos S.A (rex entrada nº 235 de 28 de outubro de 2014).

“De acordo co previsto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, O Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

Nun contexto como o actual, a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, SA xoga un indudable papel para contribuír a cohesión e vertebración social, económica e territorial de España, asumindo e prestando un Servizo Público a cidadanía, empresas e Administracións na totalidade dos núcleos e poboacións, o marxe da rendibilidade económica.

Os datos así o poñen de manifesto: mais de 8 000 Concellos atendidos, 28 millóns de fogares, 3.2 millóns de empresas, das cales o 99% son pequenas e medianas, un total de 9 000 puntos de atención e mais de 100 000 kilómetros de percorrido diario.

Consecuentemente, a regulación Europea (Directiva 2008/6/CE) e a Española (Ley 43/2010 de 20/13/2010 de Servizo Postal Universal, de los Derechos de los Usuarios y del Mercado Postal) contemplan mecanismos de financiamento para garantir a prestación do servizo de correos en todo o territorio.

Un servizo público que soamente é atendido en amplas zoas pola empresa Correos e Telégrafos, e que de non ser así, desaparecería o non darse as condicións de rendibilidade para a prestación por parte do sector privado.

Non obstante o anterior, obsérvase con preocupación o sistemático asedio ao servizo público postal por parte dalgúns grupos de presión con fortes intereses empresariais e financeiros no sector da loxística e da paquetería. Asedio empresarial, mediático e xurídico que podería afectar a millóns de cidadáns, así como ao correcto funcionamiento da Administración.

Temos coñecemento da demanda presentada perante a Comisión Europea pola patronal do sector da loxística, esixindo o Estado Español a devolución do financiamento do Servizo Postal Universal desde 1998. Maior preocupación que os contidos da propia demanda supón a nula actuación do Goberno nunha cuestión que afecta non xa a Correos, se non o propio papel do Estado como responsable de garantir a prestación do Servizo Postal Universal, como establece a Directiva Europea.

A redución de marxes económicos e empresarias que, como consecuencia da apatía dos responsables políticos directos (Ministerio de Facenda, de Fomento e da SEPI), que está a sufrir o Operador Público Postal, conleva un custo social moi alto (dende o ano 2010 ata faias de 2013 perdérонse mais de 10 000 postos de traballo), pérdida de negocio por mala atención (exemplo o polígono do Tambre donde a redución de efectivos fai

imposible que se poida desenvolver o servizo con garantías). E sobre todo, pode afectar a medio prazo a futura viabilidade empresarial de Correos, o servizo público que presta e o emprego dos seus escasos 52 000 traballadores.

Hoxe en día a paz social está a piques da ruptura. O bloqueo na negociación do IV Convenio e do Acordo Xeral, (tras oito meses, non hai proposta ningunha), está a enrarecer o ambiente laboral e retrasando a aplicación do 'Plan de Desenrollo Empresarial.

Así as cousas, de non darse un posicionamento do Goberno neste senso, consideramos que, ademais de realizar unha clara deixación de responsabilidades, poderíase poñer en perigo a figura da carteira/o e dos servizos postais a cidadanía tal e como anunciaron ás Organizacións Sindicais, e provocar un claro risco de conflitividade social e laboral.

Por todo isto o Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago, somete a votación a seguinte MOCIÓN na que se insta ao goberno de España a:

- 1.- Definir unha posición que exprese sen ambigüidade a defensa do servizo público postal e adoptar ás medidas necesarias para reforzar dito servizo*
- 2.- Desenrolar a Lei 43/2010 e de maneira inmediata aprobar o Plan de Prestación do Servizo Postal Universal, como instrumento necesario para poder cumplir plena e eficazmente a labor de Operador, pechando os espazos os intereses mercantís das multinacionais e lobbies financeiros que so buscan beneficios e rendibilidade a curto prazo.*
- 3.- Frear a tendencia dos últimos tres anos de REDUCCIÓN DE CUSTES DE PERSONAL como principal estratexia de xestión.*
- 4.- Desenvolver políticas de innovación e diversificación viables, de novos produtos, servizos e financeiros. Que satisfagan as demandas dos usuarios e sirvan de novas fontes de financiamento.*
- 5.- Expresar a nosa preocupación ao Goberno, a que actúe ante a Unión Europea polo que se refire a esa investigación en curso sobre posibles axudas de estado, por un monto de 3 100 millóns de euros, a partir da denuncia realizada a instancias das patronais do sector privado español, que pode poñer en risco a saúde financeira e a viabilidade empresarial de Correos e o inmediato efecto negativo sobre o emprego.*
- 6.- Desbloquear as decisións ministeriais e da SEPI, permitindo a Dirección de Correos sentarse a negociar cos representantes sociais o IV Convenio Colectivo e Acordo Xeral,*

hoxe inexistente, do que dependerán non só as condicións de traballo dos 52.000 empregados, senón a paz social e a estabilidade na xestión do Operador Público Postal.

Pola Sra. **Sra. Valledor Puente, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE,** procédese a explicar o sentido do voto nos seguintes termos:

Asegura que o servizo postal universal é un derecho de toda a cidadanía, independentemente do lugar de residencia de cada quen.

A sociedade pública estatal Correos e Telégrafos, prosegue, está sendo atacada por parte das empresas e da patronal da loxística e da paquetería, pois hai moitos intereses económicos por medio.

A rendabilidade de Correos considera que non pode ser medida de xeito puramente económico, hai que avaliala polo seu beneficio social.

Neste momento, afirma que a sociedade pública estatal está buscando uns beneficios económicos de xeito errado. A redución de persoal leva parello unha merma na calidade do servizo que se presta á cidadanía. O beneficio económico, dende o seu punto de vista, ten que chegar mediante outras liñas de negocio ou grazas á diversificación empresarial.

A redución de custos laborais non é panacea universal, pero di ser consciente de que se trata da única solución adoptada polos xestores da empresa pública ao ditado do Partido Popular e pon de manifesto a preocupación do Partido Socialista, ao considerar que se está a preparar a privatización de Correos dada a leve defensa por parte do goberno do Estado.

En suma, eses son os motivos, polos que trae, á aprobación do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, esta moción que defende o servizo público de Correos e o mantemento do emprego na empresa pública.

Trala exposición da **Sra. Valledor Puente, o Sr.alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado::

Votos a favor: 11 (8 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 13 PP

Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Santiago Instando ao governo de España a garantir e protexer o servizo público que presta a S.A.E Correos e Telégrafos S.A non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do turno de explicación do voto, o **Sr. Sánchez-Brunete, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP**, clarexa que non se opón a que se forneza o Servizo Postal Universal. É consciente de que a empresa pública de Correos e Telégrafos, a día de hoxe, desenvolve a súa actividade nun contexto difícil, entre outras cousas, porque hai outros medios alternativos á distribución postal clásica. Tamén indica que tanto o servizo postal público como a súa sustentabilidade financeira, sobre todo tendo en conta a lei de 2010, están garantidos. O mesmo sucede co Plan de acción de correos, co posicionamento de Correos en mercados alternativos aos do mundo postal, co proceso de negociación e co freo a esa tendencia de diminución dos postos de traballo, que de producirse será sempre menor, ca diminución da actividade que ven desenvolvendo esta empresa pública, e, por último, coa continuidade e viabilidade do servizo postal universal.

E non sendo outro o obxecto da sesión o Sr. alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as **18 horas e 40 minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifíco.

O alcalde-presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas

O secretario

Juan Manuel Salguero del Valle.

